

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN VIGO O 21 DE ABRIL DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Acondicionamento da LU-710. Puntos quilométricos (PP.QQ.) 0+000- 4+500", no concello de Baralla (Lugo).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se modifica o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteprojectos, para a rehabilitación do edificio dos Xulgados situado na rúa Lalín de Vigo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Universidade de Vigo para a creación e desenvolvemento dunha cátedra institucional de bo goberno local, por un importe total de sesenta mil euros (60.000 €) e a superación das porcentaxes establecidas con carácter xeral para a concesión de anticipos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Fundación Centro Tecnolóxico Do Mar (Fundación Cetmar) e a Fundación Ayuda en Acción para a realización do proxecto "mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e a acuicultura", no distrito de Namaacha, Mozambique, por importe total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Traslatio para o desenvolvemento do proxecto "Ruta Iacobus Maris 2022", por importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000 €).
- Acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia a Festa da lamprea Seca (Arbo), a Festa da Malla Tradicional de Lalín (Lalín), a Feira do Viño de Pantón (Pantón) e a Feira do Queixo e do Pan (Friol).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica, a Axencia Galega de Innovación, Xesgalicia Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U., o Consorcio da Zona Franca de Vigo e Vigo Activo Sociedade de Capital Risco, S.A., S.M.E., para o desenvolvemento das sétima e oitava edicións do Programa Viagalicia, por un importe total de catro millóns cincocentos sesenta e sete mil seiscientos euros (4.567.600,00 €), a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías no pagamento anticipado respecto das subvencións recollidas no anexo IV deste convenio.
- Acordo polo que se autoriza a exención da constitución de garantías nos pagamentos á conta e anticipados e que estes últimos poidan alcanzar ata un 60% da subvención total concedida ás pequenas e medianas empresas beneficiarias, establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas do programa Consolida Bio para o apoio á consolidación do sector biotecnolóxico a través de plans de investimento e innovación, financiadas no marco do eixe REACT EU do programa operativo do fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) de Galicia 2014-2020 como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, por importe de tres millóns de euros (3.000.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), polo procedemento de Asociación para a Innovación, do desenvolvemento e adquisición de solucións innovadoras para a mellora dos servizos públicos de emerxencias e de xestión dos recursos mariños da Xunta de Galicia e que contempla unha achega de seis millóns catrocentos oitenta e un mil novecentos oitenta e nove euros (6.481.989 €), dos cales cinco millóns novecentos oitenta e un mil novecentos oitenta e nove euros (5.981.989€) corresponden a fondos REACT-UE e cincocentos mil euros (500.000€) a fondos propios.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria de Vigo para fomento da mobilidade sustentable na fachada marítima de Vigo, por importe total de catro millóns cincocentos mil euros (4.500.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por importe de trescentos noventa e dous mil cincocentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (392.535,78 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Universidade de Santiago de Compostela para continuar co desenvolvemento do Proxecto Nós: O galego na sociedade e economía da intelixencia artificial por un importe total de seiscentos vinte e seis mil douscentos dezaioito euros con vinte e catro céntimos (626.218,24€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a subscribir e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, con respecto ao proxecto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Clúster das Enerxías Renovables de Galicia (CLUERGAL) para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de trescentos cincuenta e un mil trescentos sesenta euros (351.360 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a subscribir e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, con respecto ao proxecto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (ASIME) para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de setecentos setenta e cinco mil douscentos vinte e catro euros (775.224€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a subscribir e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, con respecto ao proxecto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Asociación Clúster Tic de Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total dun millón oitocentos dezanove mil oitocentos noventa euros (1.819.890€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, con respecto ao proxecto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Asociación Clúster do Naval Galego (ACLUNAGA) para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de douscentos trinta e sete mil douscentos noventa e seis euros (237.296€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, con respecto ao proxecto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Asociación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de douscentos sesenta e tres mil corenta e oito euros (263.048€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina antigripal, por un importe total de licitación de nove millóns cento sesenta e cinco mil euros (9.165.000,00 €) con IVE, e un valor estimado de nove millóns douscentos cincuenta e tres mil cento vinte e cinco euros (9.253.125 €), sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por importe de setecentos dezasete mil seiscentos euros (717.600€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe do convenio de colaboración co Concello de Vigo para a renovación integral do estadio municipal de atletismo de Balaídos.
- Informe sobre as axudas concedidas no ano 2021 aos concellos do ámbito territorial da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo.
- Informe sobre as actividades da Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal.
- Informe sobre as accións do Xacobeo 21-22 na área de Vigo: infraestruturas, sinalización e programación.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a Estratexia de recuperación, crecemento e diversificación da industria naval de Galicia 2022-2026.
- Informe sobre o proxecto de iluminación exterior da Cidade da Xustiza de Vigo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre os investimentos no Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Informe sobre o desenvolvemento da ampliación de San Paio de Navia (Vigo).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe das actuacións da Xunta de Galicia en Vigo para fomento da mobilidade sostible. Fondos Next Generation

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre o futuro IES de Navia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación de obras e adquisición de equipamento para o Hospital Álvaro Cunqueiro.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, Sociedade Cooperativa Galega, para a organización da IX Conferencia Internacional ARVI sobre o futuro da pesca e a IV edición do festival ARVI do peixe-VigoSeafest 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA LU-710, DESDE A INTERSECCIÓN DA N-VI ATA O ENLACE COA A-6, EN BARALLA

- A actuación supón un investimento superior aos 2,6 M€ e suporá o alargamento e a mellora da vía ao longo de 4,5 km, dotándoa dunha plataforma ampliada a 7 metros, cun carril por sentido de 3 metros cada un
- Mellorase puntualmente o trazado para incrementar a visibilidade e remodelarase a intersección coa N-VI, dispoñendo un carril central de espera e cuñas de cambio de velocidade
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo semestre do ano
- A intervención presta especial atención á preservación do medio, ao discorrer por unha zona con gran valor ambiental e paisaxístico, a ribeira do río Neira
- O Goberno galego asume o impulso desta actuación, tras ser rexeitada polo Ministerio de Transportes a proposta para o seu financiamento no marco dos fondos Next Generation

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de mellora e acondicionamento da estrada LU-710, desde a intersección coa N-VI ata o enlace coa A-6, no concello de Baralla.

Esta actuación suporá un investimento da Xunta superior aos 2,6 millóns de euros, incluíndo o pagamento dos 137 predios necesarios para a realización dos traballos.

O obxectivo da intervención é incrementar a seguridade viaria na contorna, para o que se propón o alargamento e mellora da estrada autonómica LU-710 entre a N-VI e a A-6, nunha lonxitude de preto de 4,5 quilómetros.

Esta vía autonómica, unha vez acondicionada, contará cunha plataforma ampliada a 7 metros de sección, sen incluír as gabias, cun carril por sentido de 3 metros cada un e beiravías de 0,5 metros.

Ademais, mellorase puntualmente o trazado con variantes en alzado e en planta para aumentar a visibilidade e a perceptividade en tramos concretos da estrada, o que incrementará a seguridade viaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se prevé a remodelación da intersección coa N-VI, cunha solución que canaliza, cun carril central de espera e cuñas de cambio de velocidade, os dous xiros á esquerda que actualmente se realizan de forma directa.

Os traballos inclúen, ademais, a rehabilitación do firme e a implantación de paradas de bus.

Finalmente, incorpórase ao proxecto a achega presentada ao proxecto inicial, dun acceso solicitado desde a estrada LU-710.

A intervención realízase baixo un criterio de respecto co medio, ao discorrer por unha zona con gran valor ambiental e paisaxístico, a ribeira do río Neira, e cunha orografía moi accidentada.


A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo semestre do ano.

Cómpre lembrar que o Goberno galego remitiu unha proposta de financiamento desta actuación ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana no marco do programa Next Generation, pero foi rexeitada. Non obstante, a Xunta autoriza hoxe o inicio do procedemento expropiatorio, dado que está entre as súas prioridades a execución desta obra.


A Xunta segue mantendo a súa aposta continua pola vertebración territorial e o reforzo da competitividade da provincia de Lugo, a través do impulso de novas infraestruturas viarias.

Mapa de situación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Ámbito das actuacións:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA A NOVA UNIDADE QUE ASUME AS FUNCIÓNS DA AXENCIA DE CONTROL ALIMENTARIO EN GALICIA PARA GARANTIR O CUMPRIMENTO DA LEI DA CADEA E PARA FREAR A VENDA A PERDAS

- Con esta finalidade, o Consello aprobou un decreto polo que se crea, dentro da Consellería do Medio Rural, o Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais
- Deste xeito o Goberno galego asume as competencias de supervisión do cumprimento das obrigas en materia de información e control alimentarios, consonte ao establecido pola Lei da cadea alimentaria sen ter recibido do Estado os medios e os fondos necesarios para facelo
- O servizo encargárase da análise da situación da cadea agroalimentaria en Galicia e dos axentes que interveñen nela, así como da formación dos prezos e dos custos de produción en cada un dos seus elos e realizará a inspección para comprobar o cumprimento da normativa

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un decreto polo que se crea unha nova unidade que asume as funcións da Axencia de Control Alimentario en Galicia. Faise mediante unha modificación da estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural pola que se crea o Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais.

Deste xeito o Goberno galego asume as competencias de supervisión do cumprimento das obrigas en materia de información e control alimentarios, consonte ao establecido pola Lei da cadea alimentaria (de acordo coa súa modificación de decembro de 2021). Esta norma estatal prevé que as comunidades autónomas designen as autoridades encargadas de controlar o cumprimento da devandita lei nos seus territorios. Polo tanto, a Xunta asume, por responsabilidade, estas tarefas malia non ter recibido por parte do Estado os medios e os fondos necesarios para facelo.

Ademais, en virtude deste decreto, modificarase a Relación de Postos de Traballo (RPT) para crear as correspondentes xefaturas de sección e de negociado dentro deste Servizo, incluíndo os técnicos provinciais, que serán os encargados dos labores de control sobre o terreo.

Este servizo de nova creación terá diferentes competencias, entre elas, de xeito destacado, a análise e estudo da situación da cadea agroalimentaria en Galicia e dos axentes que interveñen nela, así como da formación dos prezos e dos custos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

produción en cada un dos elos da cadea. Con base nisto, realizarán tamén as actuacións de inspección e control necesarias para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación.

Equilibrio e transparencia

Este novo Servizo, que se crea dentro da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, terá entre os seus cometidos a mellora do funcionamento e a vertebración da cadea agrolimentaria, acadar un maior equilibrio e transparencia nas relacións comerciais entre os diferentes operadores da cadea alimentaria e procurar o fortalecemento do sector produtor e a potenciación das actividades das organizacións interprofesionais agroalimentarias, de forma que se materialicen nuns prezos xustos que sempre cubran os custos de produción.

Ademais, centrarase en garantir a unidade de mercado para a mellora da competitividade da cadea alimentaria e traballará na elaboración dun observatorio de prezos e de custos de produción, así como no desenvolvemento da coordinación e o intercambio de información coa Agencia de Información y Control Alimentarios (AICA) e outras comunidades autónomas, no marco dos plans nacionais de control.

A posta en marcha desta nova unidade complementase co funcionamento do Observatorio da cadea alimentaria galega, que se vén de poñer en marcha. Fíxose mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia 2ª e as consellerías de Emprego e Igualdade, do Medio Rural e do Mar. Por medio deste acordo régulase a colaboración entre estes departamentos da Xunta para a realización conxunta de actividades asociadas a este observatorio, que serán coordinadas pola Consellería do Medio Rural.

Incremento dos custos

Esta modificación da estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural prodúcese nun contexto especialmente delicado para o agro galego, a causa do incremento dos custos de produción das explotacións, que se viu agravado pola invasión rusa de Ucraína. A propia Consellería do Medio Rural, en colaboración coa Fundación Juana de Vega, levou a cabo un amplo estudo sobre os prezos e os custos de produción no sector lácteo (ámbito de referencia no rural galego) e constatou que nos últimos meses se vén producindo unha situación de venda a perdas xeneralizada. Algo que se fixo extensivo ao conxunto da cadea alimentaria, con especial incidencia na gandería e, dentro dela, no vacún de carne.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Isto supón o incumprimento da Lei da cadea alimentaria, polo que cómpre impulsar mecanismos de control que freen esta escalada. Neste caso, con esta modificación e coa creación desta nova unidade refórzanse estes controis, en beneficio dos agricultores e gandeiros e a prol dunha maior transparencia e de maior equilibrio, así como dun mellor funcionamento de toda a cadea de valor alimentaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO CONCURSO DE IDEAS PARA A REHABILITACIÓN DOS ACTUAIS XULGADOS COMO CENTRO DO ASOCIACIONISMO VIGUÉS

- O Consello da Xunta informou deste convenio que permitirá iniciar a tramitación do proxecto para destinar este edificio ás entidades sociais da cidade viguesa despois do traslado dos órganos xudiciais á nova Cidade da Xustiza
- O concurso está previsto que se publique a finais de maio co obxectivo de contar cun anteprojecto en outubro, que servirá de base para ter elaborado o proxecto antes de que remate o ano
- Coa ocupación temporal do edificio por entidades sociais da cidade contribúese a mellorar a calidade de vida local e fomentar o asociacionismo

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao proxecto de acordo polo que se aproba o convenio de colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) para o desenvolvemento dun concurso de ideas para levar a cabo as obras de rehabilitación do actual edificio dos xulgados situado na rúa Lalín de Vigo. A premisa é habilitar locais que poderán ser ocupados por entidades sociais da cidade no espazo deste edificio xudicial unha vez se trasladen as unidades xudiciais á Cidade da Xustiza.

O obxecto do convenio é a convocatoria dun concurso de ideas con intervención de xurado para seleccionar a mellor idea que se desenvolverá a nivel de anteprojecto con asistencia do COAG. A publicación deste concurso de ideas está prevista para finais de maio para poder contar cun anteprojecto no mes de outubro.

Este documento serviría de base á redacción do proxecto técnico, básico e de execución, incluído o proxecto de seguridade e de saúde, de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións das obras de rehabilitación, que o gañador do concurso de ideas presentaría no mes de decembro. Polo tanto, podería formalizarse o contrato para a execución da obra no primeiro semestre de 2023 e tería un prazo de execución de 36 meses.

Esta actuación pretende habilitar locais na planta baixa e da primeira e quinta do edificio e a súa cesión a asociacións da cidade. Ademais, tamén se poderán trasladar dependencias administrativas que están a ocupar oficinas alugadas. Os traballos poderían estenderse a outras tres plantas -os 2 sotos e o semisoto- que na actualidade se destinan a aparcamento e zona de arquivos, polo que poderían habilitarse unhas 134 dependencias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras inclúen intervencións na carpintaría, revestimentos, acabados e instalacións, así como a mellora da eficiencia enerxética da envolvente do edificio. O orzamento estimado para intervir na totalidade do edificio -incluíndo as tres plantas do soto- ascende aos 12,5 millóns de euros. Nesta contía inclúense 100.000 euros para os premios dos concursos de ideas e máis de 383.200 euros para a redacción do proxecto derivado do concurso e a dirección de obra. Nos orzamentos deste ano resérvase un crédito de 3 millóns de euros co obxectivo de botar a andar o proxecto e comezar a súa posta en marcha o antes posible.

Coa posta á disposición do edificio da rúa Lalín a entidades sociais da cidade para a súa ocupación temporal, a Xunta contribúe a mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORAN NA CREACIÓN DUNHA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DE BO GOBERNO LOCAL

- A Cátedra de Bo Goberno local será unha ferramenta de mellora da xestión pública local na nosa comunidade
- O obxectivo común é poñer en marcha un espazo de reflexión e debate sobre propostas de mellora no ámbito local, que permitirá poñer á disposición das entidades locais os resultados das investigacións e actividades que se organizarán no marco do convenio

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e a Universidade de Vigo para a creación e desenvolvemento dunha cátedra institucional de Bo Goberno local, que contará cun orzamento de 60.000€ e será unha ferramenta de mellora da xestión pública local na nosa comunidade.

O obxectivo común é poñer en marcha un espazo de reflexión e debate sobre propostas de mellora no ámbito local, que servirá de marco para a exploración de solucións ante escenarios cambiantes tanto polo impacto da tecnoloxía nos concellos, as novas demandas locais derivadas da situación actual post covid ou a determinación das competencias das administracións públicas.

A Universidade de Vigo conta co grupo de investigación GEN (Governance and Economic research Network) que desenvolve a Red Localis e que se configura como un foro de reflexión do municipalismo e da súa xestión actuando como fórmula para realizar propostas de solución ás problemáticas particulares detectadas. Por isto, a Red Localis preséntase como unha iniciativa única non só en Galicia senón tamén en toda España, na que colaboran persoas expertas no ámbito académico e *practitioners* do mundo local.

O proxecto que a Universidade de Vigo desenvolve a través da Red Localis e que se concreta na creación e desenvolvemento dunha Cátedra de Bo Goberno Local resulta de interese para a Comunidade Autónoma por tratarse dun instrumento único, sen equivalente no conxunto da comunidade autónoma nin no Estado, que permitirá dar resposta ás inxerencias que se están a producir no mundo da Administración local, actualmente sometido a fortes transformacións, derivadas da chegada e implantación de novas tecnoloxías, da situación actual post covid e así mesmo dos cambios normativos e relacionais co conxunto da cidadanía.

Así, as actividades e eventos que se desenvolverán no marco desta cátedra, como o Congreso Red Localis, pretende facilitar ás entidades locais solucións a problemas complexos e facilitarlles a toma de decisións, en termos de eficacia e eficiencia, darlles a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coñecer novas fórmulas de colaboración entre entidades locais, resolver dúbidas sobre as competencias das administracións públicas e, en resumo, facerlles chegar propostas que redunden na mellora do Goberno local, facilitándolles a prestación de servizos a cidadanía acorde cunha Administración local do século XXI.

Este convenio estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CETMAR COLABORAN COA FUNDACIÓN AXUDA EN ACCIÓN NUN PROXECTO DE PESCA E ACUICULTURA EN MOZAMBIQUE

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira, a Fundación CETMAR e a Fundación Axuda en Acción para a realización do proxecto por importe de 450.000 euros
- A intervención ten como obxectivo xeral contribuír á mellora das condicións de vida e a seguridade alimentaria e nutricional nas comunidades do distrito de Namaacha (Mozambique), mediante o fortalecemento das cadeas do sector da pesca e da acuicultura

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira, a Fundación CETMAR e a Fundación Axuda en Acción para a realización do proxecto de pesca e acuicultura no distrito de Namaacha en Mozambique por importe de 450.000 euros.

A intervención ten como obxectivo xeral contribuír á mellora das condicións de vida e a seguridade alimentaria e nutricional nas comunidades do distrito de Namaacha (Mozambique), mediante o fortalecemento das cadeas do sector da pesca e da acuicultura.

Por unha banda, o Cetmar ten entre os seus obxectivos colaborar no desenvolvemento do sector da pesca e acuicultura, executando proxectos pesqueiros e acuícolas cun enfoque de cooperación para o desenvolvemento. E por outra banda, Axuda en Acción é unha ONGD que leva traballando no ámbito de cooperación para o desenvolvemento coa misión de impulsar que a infancia, as súas familias e poboacións que sofren pobreza, exclusión e desigualdade, desenvolvan as súas capacidades para conseguir unha vida digna, de modo sustentable. Ademais, conta cun equipo humano que xa desenvolveu actuacións en Mozambique.

Ambas fundacións comparten a conciencia da importancia de apoiar intervencións de Cooperación para o desenvolvemento que favorezan o progreso dos pobos máis necesitados, así como a importancia de buscar sinerxías coincidentes entre as distintas realidades do sector para a execución de tales intervencións. Entre as actuacións que pretenden realizar está a realización conxunta dun proxecto no distrito de Namaachade en Mozambique denominado "mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e a acuicultura".

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A vixencia deste convenio comprenderá ata o 31 de decembro de 2024, incluíndo as actuacións iniciadas desde o mes de xaneiro de 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COA FUNDACIÓN TRASLATIO PARA LEVAR A CABO A RUTA IACOBUS MARIS 2022 DENDE XÉNOVA A VIGO

- A Ruta Iacobus Maris 2022 será a peregrinación marítima a Santiago máis longa da historia e consistirá en 4 semanas de navegación entre os meses de xuño e xullo de 2022
- O proxecto contribuirá á promoción e divulgación ao longo de toda esta ruta tanto do Xacobeo 2022 como da cultura xacobeá, poñendo en valor as rutas e a peregrinación do Camiño de Santiago

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio coa Fundación Traslatio para o desenvolvemento da Ruta Iacobus Maris 2022, que se levará a cabo entre os meses de xuño e xullo entre o porto italiano de Xénova e o de Vigo. Conta cunha axuda de 350.000 euros.

A Ruta Iacobus Maris 2022 será a peregrinación marítima a Santiago de Compostela máis longa da historia e consistirá en 4 semanas de navegación entre os meses de xuño e xullo de 2022. Partirá do porto italiano de Xénova, con escalas en Valencia, Sevilla e Porto (Portugal), finalizando a parte marítima en Vigo, para continuar a pé ata Santiago para acadar a Compostela.

A Xunta colaborou o pasado ano con esta fundación para dar comezo coa promoción e difusión da Ruta Iacobus Maris en Fitur 2021, coa presentación dos grandes veleiros que visiten os portos da ruta e coa inauguración da singradura por parte do buque escola uruguaio *Capitán Miranda*.

O proxecto que se desenvolverá entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Traslatio é a promoción, difusión e organización da Ruta Iacobus Maris 2022, o que contribuirá á promoción e divulgación ao longo de toda esta ruta tanto do Xacobeo 2022 como da cultura xacobeá, e porá en valor as rutas e a peregrinación ao Camiño de Santiago. Tamén se levarán a cabo actividades de difusión e promoción do Xacobeo nos portos que visita.

A Fundación Traslatio foi creada en 2016 pola Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia co obxectivo de realizar cada Ano Santo, ou cando os patróns o estimen conveniente, a ruta de peregrinación seguida polos restos do Apóstolo dende o Mar Mediterráneo a Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A FESTA DA LAMPREA SECA DE ARBO, A FESTA DA MALLA DE LALÍN, A FEIRA DO VIÑO DE PANTÓN E A FEIRA DO QUEIXO E O PAN DE FRIOL DECLARADAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

- O Consello da Xunta aprobou o proxecto de acordo para a declaración de festas de interese turístico de Galicia, unha vez examinadas as solicitudes presentadas, e tras comprobar que cumpren os requisitos exixidos
- A Festa da lamprea seca celébrase na primeira quincena de agosto na Carballeira de Turbela; a Malla Tradicional de Lalín ten lugar en agosto; a Feira do Viño de Pantón sucédese cada ano a mediados do mes de maio; en Friol, celébrase na segunda quincena de marzo, a Feira do Queixo e do Pan

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia a Festa da lamprea Seca de Arbo, a Festa da Malla Tradicional de Lalín, a Feira do Viño de Pantón e a Feira do Queixo e do Pan de Friol.

Unha vez examinadas as solicitudes presentadas, e tras os trámites preceptivos, infórmase favorablemente ao cumprir os requisitos exixidos, como a singularidade, o valor cultural, o arraigo da festa, a creatividade e innovación na celebración do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e para a recepción de visitantes, a afluencia de visitantes ou o adecuado coidado das contornas urbanas, monumentais ou paisaxísticas onde se desenvolve.

A Festa da lamprea Seca (Arbo) celébrase na primeira quincena de agosto na Carballeira de Turbela no Concello de Arbo. Nun primeiro momento xurdiu como un acto máis da programación das festas patronais de Arbo, pero co paso do tempo a festa foi adquirindo entidade propia. A singularidade deste evento atópase fundamentalmente no mantemento da tradición do secado da lamprea para a súa conservación todo o ano.

Na Malla Tradicional de Lalín, que ten lugar en agosto, créanse todas as modalidades das antigas mallas, por orde cronolóxica (malla á pedra, con males, malladoira manual, motores, malladoiras e aventadoiras, malladoira enganchada á toma de forza dun tractor), da Comarca do Deza.

A Feira do Viño de Pantón sucédese cada ano nesta localidade a mediados do mes de maio para enxalzar a viticultura da zona, cuxo carácter diferenciador vén dado pola súa situación xeográfica ao atoparse entre as ribeiras de tres ríos (Cabe, Sil e Miño), que producen cadansúas uvas con características propias que deste xeito resultan determinantes no produto final.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En Friol, na segunda quincena do mes de marzo, celébrase anualmente a Feira do Queixo e do Pan, co obxectivo de homenaxear e preservar a tradición local de elaboración do queixo e do pan, así como rememorar o costume antigo das feiras que tiñan lugar no Concello de Friol.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A CELEBRACIÓN EN VIGO E LUGO DE DÚAS NOVAS EDICIÓNS DA ACELERADORA DE EMPRESAS VIAGALICIA

- O Goberno galego acorda apoiar o desenvolvemento da sétima e oitava convocatoria desta iniciativa centrada en potenciar proxectos que contribúen á modernización e dixitalización dos sectores máis tradicionais, á transferencia de coñecemento e á atracción e retención de talento en Galicia
- O programa outorga aos participantes soporte e asistencia na súa fase inicial, ademais de achegar capital, financiamento, formación, infraestruturas e asesoramento intensivo
- Os proxectos seleccionados obterán unha axuda da Axencia Galega de Innovación e préstamos participativos de XesGalicia e de Vigo Activo
- Desde a súa posta en marcha, ViaGalicia facilitou a creación de 78 novas empresas, a xeración de máis de 500 postos de traballo, a facturación de máis de 35 millóns no último ano e a captación ata a data máis de 55 millóns en roldas de financiamento

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o novo convenio que permitirá seguir impulsando a aceleradora ViaGalicia e continuar reforzando así o ecosistema emprendedor galego con novos proxectos e iniciativas empresarias. Para acadar este obxectivo, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación asina un novo acordo co Consorcio da Zona Franca de Vigo e Vigo Activo, que garante o desenvolvemento da 7ª e 8ª edicións desta iniciativa de aceleración de proxectos innovadores que acolle propostas de todos os sectores produtivos.

A través deste programa, que terá lugar en Vigo e en Lugo, dáse soporte e asistencia na súa fase inicial a emprendedores e empresas, ofrecendo capital semente, formación, infraestruturas e asesoramento intensivo. As novas edicións estrutúranse a través de seis fases e contan cun investimento total de 700.000 euros (dos que a Xunta achega o 80%), permitindo apoiar, cada unha delas, 15 proxectos innovadores.

Así, tras a convocatoria inicial seleccionáronse 80 candidaturas. Na segunda fase, chamada *Startup Day*, seleccionáronse a metade das iniciativas que pasarán á Academia, onde os participantes recibirán formación teórico-práctica sobre como definir os modelos de negocio. Logo desta terceira fase, elixíronse os proxectos que participarán no *Demo Day*, unha presentación pública na que se seleccionarán un máximo de 15 proxectos aos que se lles ofertará financiamento e a incorporación á aceleradora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sobre este punto, cómpre subliñar que as iniciativas obterán unha axuda da Axencia Galega de Innovación (25.000 euros) e préstamos participativos de XesGalicia e de Vigo Activo.

A quinta fase, a de aceleración, desenvolverase en Vigo e brindará o acceso a un espazo de *coworking* e a posibilidade de realizar parte da titorización nas propias instalacións da empresa, algo especialmente interesante para os proxectos do sector industrial. A última fase denomínase *Investors Day*, e consistirá nunha presentación dos proxectos a un panel de investidores privados e institucionais.

Desde a súa posta en marcha en 2013, ViaGalicia ten completado un total de 6 edicións facilitando a creación de 78 novas empresas que recibiron máis de 10 millóns de financiamento directo no programa. Deste xeito, creáronse en total máis de 500 postos de traballo, facturando máis de 35 millóns de euros no último ano e captando ata a data arredor de 55 millóns en roldas de financiamento.

Entre os proxectos apoiados destacan os de ámbitos tan diversos como as TIC, a alimentación, a aeronáutica, a biotecnoloxía, o téxtil ou o agro. Así, ao longo destes anos, entre as empresas aceleradas figuran exemplos como RSP, fabricante de máquinas con tecnoloxía aplicada ao deporte de alto rendemento, que contra entre os seus clientes con clubs deportivos nacionais e internacionais de primeiro nivel; Opositatest, compañía que achega servizos especializados para opositores a nivel nacional; Help Flash, empresa que revolucionou os sistemas de sinalización en accidentes de tráfico, e que ten recibido numerosos premios por parte de compañías aseguradoras e clientes do sector dos seguros; Orballo, plantación de té ecolóxica certificada en Galicia e dispoñible xa en máis de 600 puntos de venda en España e México; ou Innogando, que desenvolve solucións tecnolóxicas que outorgan valor engadido ao sector gandeiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA A CONSOLIDACIÓN DAS PEMES DO SECTOR BIOTECNOLÓXICO CUNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS QUE LLES PERMITIRÁ GAÑAR TAMAÑO A TRAVÉS DA INNOVACIÓN

- O Consello da Xunta de Galicia acorda destinar 3M€ a Consolida Bio, unha convocatoria pioneira que cubrirá tanto investimentos produtivos e tecnolóxicos como actividades de innovación
- Poderán optar a estas axudas as pemes do sector biotecnolóxico con menos de oito anos de antigüidade
- Agárdase apoiar a 12 pemes, mobilizar nove millóns de euros e crear 36 novos empregos de alta cualificación
- A nova liña enmárcase tanto na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia como na Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia 2021-2025, consensuada co sector da man de Bioga

O Consello da Xunta de Galicia acordou, na súa reunión desta mañá, destinar tres millóns de euros -procedentes dos fondos REACT-UE- a unha nova liña de axudas que ten como obxectivo apoiar a consolidación das pemes do sector biotecnolóxico con menos de oito anos de antigüidade.

Consolida Bio pretende fortalecer as pequenas e medianas empresas deste ámbito e axudalas a gañar tamaño a través da innovación. Para logralo, os apoios cubrirán tanto investimentos produtivos e tecnolóxicos como innovación en procesos e actividades para levar a mercado solucións baseadas en biotecnoloxía. As axudas, de concorrencia competitiva, pretenden beneficiar 12 empresas, mobilizar 9M€ e crear 36 empregos de alta cualificación.

Os plans empresariais das pemes que opten a estas axudas deberán estar vinculados a algunha das ramas de actividade prioritarias da biotecnoloxía en Galicia e ás cadeas de valor definidas na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia. En concreto, xestión e aproveitamento dos recursos mariños, produción e aproveitamento agrogandeiro e forestal, alimentación funcional para a saúde e o envellecemento activo, ou novas tecnoloxías para a medicina personalizada. Deste xeito, trátase de promover a revitalización de sectores tradicionais e favorecer a transición cara á bioeconomía.

Con esta nova medida, a Xunta pretende impulsar a competitividade das pemes biotecnolóxicas galegas, incrementar tanto a súa capacidade produtiva e comercializadora como a facturación global do sector, así como favorecer a cooperación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no ecosistema biotecnolóxico galego e facer da Comunidade unha rexión con capacidade de atracción de emprendemento tecnolóxico.

Consolida Bio enmárcase na RIS3 de Galicia e complementa iniciativas que apoian o emprendemento neste sector e a chegada dos resultados de investigación ao mercado, como BioIncubaTech, BFFood, BFMedicines ou Ignicia.

A nova convocatoria tamén ratifica o compromiso do Goberno galego co sector, xa demostrado coa posta en marcha, en 2016, da Estratexia de impulso da biotecnoloxía, unha folla de ruta que impulsou o investimento en investigación, transferencia de tecnoloxía e creación de novas empresas e que, no período 2016-2020, se materializou na mobilización de 262 millóns de euros e un incremento do 95% de empresas biotecnolóxicas. Ademais, converteuse na segunda rexión na que se crean máis empresas do sector despois de Cataluña, segundo o último informe elaborado por Asebio. Galicia desenvolve agora a Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico 2021-2025, para posicionarse como unha das principais rexións nesta materia a nivel europeo, fomentando a xeración de negocio e a consolidación empresarial, e que ten como obxectivo mobilizar 662 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DESTINA 6,5M€ A SEGUIR INNOVANDO NA MELLORA DOS SERVIZOS PÚBLICOS COA INCORPORACIÓN DE SISTEMAS NON TRIPULADOS

- A Xunta, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, activa unha nova licitación no marco do Polo Aeroespacial de Galicia para o desenvolvemento e adquisición de solucións innovadoras aplicadas ás emerxencias sanitarias e sociais e á xestión forestal e dos recursos mariños
- Impulsarase a compra de solucións moi próximas ao mercado para a súa incorporación a curto prazo á carteira de servizos da Administración autonómica
- A iniciativa serve ao mesmo tempo de estímulo para o tecido empresarial, con especial atención ás pemes e aos centros de coñecemento galegos
- Adicionalmente a esta nova licitación, xa se están destinando 2,9M€ ao despregue e incorporación na operativa da Xunta de solucións tecnolóxicas que se desenvolveron no primeiro período do Polo Aeroespacial, vinculadas a mostraxes de augas interiores e marítimas costeiras, a inventario forestal, a nivel cartográfico ou de usos do solo
- Galicia xa ten en execución 84M€ de fondos públicos nesta nova fase do Polo Aeroespacial, dentro da estratexia aprobada o ano pasado e que aspira a mobilizar ata 2025 un total de 540 millóns de euros se finalmente consegue a asignación de fondos europeos por parte do Goberno central

Galicia avanza na incorporación de tecnoloxías de sistemas non tripulados aos servizos públicos cunha nova licitación, no marco do Polo Aeroespacial galego, na que se investirán preto de 6,5 millóns de euros no desenvolvemento e adquisición de solucións innovadoras aplicadas ás emerxencias sanitarias e sociais, así como á xestión forestal e dos recursos mariños.

O Goberno galego busca impulsar a compra inmediata de solucións innovadoras moi próximas ao mercado e, polo tanto, tecnoloxías que teñan a posibilidade de desenvolverse en menos de 12 meses, que poden partir de resultados intermedios do período anterior do Polo Aeroespacial de Galicia ou doutros avances tecnolóxicos, para a súa incorporación a curto prazo á carteira de servizos da Xunta de Galicia.

A fórmula da licitación, que se publicará na plataforma de contratos da Xunta a final deste mes de abril, será a Asociación para a Innovación, un procedemento que permite combinar na mesma contratación a investigación, a innovación e a contratación pública. Deste xeito, a Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación, consegue un dobre obxectivo. Por

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

un lado, mellorar a eficiencia dos servizos públicos e, por outro, validar, testar e ser o primeiro cliente das solucións e produtos desenvolvidos polas empresas e centros de coñecemento, permitíndolles no futuro un mellor posicionamento no mercado global e apoiando de forma específica as pequenas e medianas empresas.

Os proxectos, que serán financiados con fondos React-EU e fondos propios da Administración autonómica, deberán centrarse, en concreto, no desenvolvemento e adquisición de solucións innovadoras por medio de vehículos non tripulados (UAVs) para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago; a monitoraxe de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios; a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola; a localización de persoas extraviadas; e para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes.

Coa licitación que hoxe se aprobou no Consello da Xunta, o Polo Aeroespacial de Galicia continuará promovendo a colaboración público-privada no eido da innovación e da industria, co obxectivo de impulsar a participación fundamentalmente de pemes e dos centros de coñecemento no desenvolvemento de solucións innovadoras.

Solucións que xa se están despregando

Adicionalmente a esta nova licitación de 6,5M€, xa se destinan neste momento 2,9 millóns de euros a solucións tecnolóxicas que se están despregando e incorporando na operativa dos servizos públicos da Xunta de Galicia e que se enmarcan dentro do primeiro período do Polo Aeroespacial.

Entre estas solucións xa en marcha con vehículos non tripulados, están as mostraxes de augas marítimas costeiras e de augas interiores; inventario forestal e detección de afectacións por pragas forestais; ou solucións no eido da cartografía ou nos usos do solo en Galicia.

Nova fase ata 2025

Galicia xa ten en execución 84 millóns de euros de fondos públicos no Polo Aeroespacial, dentro da nova estratexia aprobada o ano pasado e que aspira a mobilizar un total de 540 millóns de euros ata 2025 entre investimentos públicos e privados, condicionado sempre a que o Goberno teña en conta o proxecto galego no reparto dos fondos europeos. Así, estase contribuíndo ao desenvolvemento industrial da Comunidade, ao fomento das capacidades tecnolóxicas e innovadoras e á creación de emprego de calidade, podendo acadar ata os 3000 postos de traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as medidas que xa están en marcha, atópase a licitación para atraer á Comunidade entre catro e oito empresas tractoras do sector para apoiar arredor de 80 proxectos de I+D cos que desenvolver novas solucións con vehículos non tripulados. Esta iniciativa contaba cun orzamento inicial de 40 millóns de euros, que veñen de ampliarse ata os 52,34M€ ao sumar os 12,34 millóns obtidos no Plan complementario de I+D+i de Biodiversidade do Estado -ligado ao mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea.

As empresas que aspiran a converterse nos novos socios estratéxicos da Xunta de Galicia son Airbus, Babcock, Boeing Aerospace Spain, Indra, Sistemas y Montajes Industriales, Telefónica, Telespazio, CT Ingenieros e Aertec-Tecnobit, e prevese pechar a selección no próximo mes de maio.

Tamén se adxudicou xa por 12,75 millóns de euros o proxecto de simulación avanzada para a xestión do tráfico aéreo U-Space, que se desenvolverá no Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR), unha licitación lanzada polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) e adxudicada a Indra e Boeing.

Por outra banda, no eido do impulso ao talento, lanzaranse proximamente novas convocatorias da aceleradora Business Factory Aero (BFAero), así como continuarase co desenvolvemento de diferentes actividades de fomento das vocacións científico-tecnolóxicas orientadas ao sector aeroespacial.

Con todas estas iniciativas en marcha, o Polo Aeroespacial de Galicia contribuirá á recuperación económica galega, aliñándose, ademais, coas metas a nivel estatal e europeo deste período co obxectivo de crear riqueza non só a curto prazo, senón para crear as tecnoloxías, mercados e empregos do futuro.

Capacidade transformadora

O Polo Aeroespacial de Galicia é unha iniciativa estratéxica con gran capacidade transformadora e importantes resultados logrados no período 2015-2020. Entre as cifras máis destacadas, 164 millóns de euros de investimento público-privado mobilizados; máis de 900 profesionais; 60 solucións tecnolóxicas e produtos no mercado dun total de 655 resultados obtidos; e a creación de 24 novas empresas (5 xeradas en Galicia por actores da industria e 19 proxectos empresariais creados ou acelerados a través da Business Factory Aero).

Nos cinco primeiros anos do Polo Aeroespacial de Galicia, os socios estratéxicos e tecnolóxicos da Xunta foron as empresas Babcock, Boeing e Indra. Estas tres compañías

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investiron en Galicia 78 millóns de euros, actuaron como tractoras do tecido empresarial e tecnolóxico galego e consolidaron a súa presenza na Comunidade coa construción dos hangares de Indra e Babcock no Parque Tecnolóxico e Industrial de Rozas (Castro de Rei, Lugo) ou a primeira Aula Newton permanente de España promovida por Boeing na Tecnópole (San Cibrao das Viñas, Ourense).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO COA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO PARA A HUMANIZACIÓN DA AVENIDA BEIRAMAR E A EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NO BERBÉS, CUN INVESTIMENTO DE 4,5 M€

- A Xunta financiará esta actuación para o fomento da mobilidade sustentable na fachada marítima de Vigo, achegando o importe maioritario, 3,5 M€, mentres que a Autoridade Portuaria achegará o orzamento restante e licitará e executará as obras
- O obxectivo é que a senda do Berbés poida comezar a executarse xa no verán, momento en que se prevé a licitación das obras de humanización da avenida de Beiramar para materializala a comezos de 2023
- Na avenida Beiramar intervírase ao longo de 1,6 km, ampliando as beirarrúas de modo que permitan o tránsito peonil e ciclista
- No Berbés, prevese continuar o itinerario pola zona portuaria salvando a discontinuidade existente no treito urbano
- A senda desenvolverase pola beira do mar da avenida e integrarase nos espazos que forman parte do contorno de Portocultura
- Estas obras levaranse a cabo de xeito compatible coa operativa portuaria da zona e o paso dos transportes especiais

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración coa Autoridade Portuaria de Vigo para o fomento da mobilidade sustentable na fachada marítima da cidade, coa humanización da avenida Beiramar e a execución dunha senda peonil e ciclista no Berbés, que suporán un investimento de 4,5 millóns de euros.

De acordo cos compromisos establecidos no acordo, a Xunta financiará estas actuacións, coa achega maioritaria, por importe de 3,5 millóns de euros procedentes dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea.

Pola súa banda, a Autoridade Portuaria de Vigo financiará o importe restante, é dicir, aproximadamente un millón de euros, redactará os documentos técnicos das actuacións e licitará e executará as obras.

As obras de construción da senda no tramo do Berbés poden ser licitadas de inmediato por parte da Autoridade Portuaria co obxectivo de comezalas no verán.

A humanización da avenida Beiramar licitarase no verán para iniciar a súa execución no primeiro trimestre de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Intervencións

A actuación enmarcada no convenio hoxe autorizado ten un dobre obxectivo: a humanización da avenida Beiramar, entre a rúa Coruña e Bouzas, e a construción dunha senda peonil e ciclista no tramo do Berbés, entre A Laxe e a entrada ao porto pesqueiro.

No que se refire á humanización da avenida Beiramar, intervirase ao longo de 1,6 km, ampliando as beirarrúas de modo que permitan o tránsito peonil e ciclista. Dotarase tamén o tramo de novo mobiliario urbano, de iluminación eficiente, zonas verdes e reordenaranse as áreas de aparcadoiro.

En relación á execución da senda na zona do Berbés, darase continuidade ao itinerario pola zona portuaria, salvando a discontinuidade existente no treito urbano provocada pola cota deprimida da praza do Berbés e polos accesos ao túnel de Beiramar.

A nova senda desenvolverase pola beira do mar da avenida e integrarase nos espazos que forman parte do contorno de Portocultura. Na zona de peche do porto efectuarase un recuamento para que haxa espazo suficiente para unha plataforma compartida entre peóns ciclistas, respectando a separación entre o peche e as edificacións interiores.

A actuación completarase coa reposición das redes de servizos afectados polo recuamento realizado, coa instalación de mobiliario urbano, de sinalización, de elementos de xardinería e a súa rede de rego.


Estas obras levaranse a cabo de xeito compatible coa operativa portuaria da zona e o paso dos transportes especiais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Treito do Berbés



Beiramar. Treito rúa Coruña - Bouzas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 400.000 € DO CANON DE EXPLOTACIÓN DO ENCORO DO UMIA A FINANCIAR ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E SOCIAIS EN CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

- Os tres concellos beneficianse anualmente da achega económica á que está suxeita a empresa concesionaria da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis
- Cada un destes municipios recibirá máis de 130.000 euros de Augas de Galicia
- Desde 2002 estes tres concellos levan recibido da Xunta preto de 7,4 millóns de euros do canon do encoro que axudaron a apoiar actuacións culturais e de asistencia social

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os concellos de Caldas, de Cuntis e de Moraña, polo que Augas de Galicia destinará preto de 400.000 euros do canon de explotación do encoro do Umia ao financiamento de actuacións educativas e sociais nestes tres municipios da provincia de Pontevedra.

O Executivo autonómico referendou así a sinatura, un ano máis, do convenio no que participa como entidade colaboradora a Deputación Provincial de Pontevedra, que asume a tarefa de administrar estes fondos autonómicos entre estes tres concellos e velar pola súa correcta aplicación.

Os concellos de Caldas de Reis, de Cuntis e de Moraña beneficianse anualmente da achega económica a que está suxeita a empresa titular da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis, con base na concesión da explotación outorgada pola entidade hidráulica da Xunta.

A cantidade achegada por Augas de Galicia é de algo máis de 130.000 euros para cada un destes concellos, que poderán financiar con cargo a eses fondos actividades educativas e sociais que se organicen desde o día 1 de xaneiro de 2022 e ata o 31 de decembro deste mesmo ano.

Desde o ano 2002 ao 2021 a Xunta leva asignados preto de 7 millóns de euros en concepto de canon de explotación do encoro de Caldas de Reis a estes municipios, que serviron para financiar actividades educativas, culturais e de asistencia social dos concellos de Caldas de Reis, de Cuntis e de Moraña. Coa renovación do convenio

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autorizada hoxe polo Goberno galego a suma percibida por estes municipios rolda os 7,4 millóns de euros.

Mediante o acordo aprobado hoxe o Goberno galego incentiva axudas á xestión municipal e impulsa a colaboración entre as distintas administracións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A USC INXECTAN MÁIS DE 600.000 EUROS PARA REFORZAR O 'PROXECTO NÓS', QUE PERMITIRÁ INCORPORAR A LINGUA GALEGA ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Universidade santiagouesa amplían a súa colaboración neste eido coa sinatura dun novo convenio
- O obxectivo deste proxecto, no que se pretende investir un total de 15,5 millóns de euros, é a total inclusión do galego no mundo dixital e tecnolóxico

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao novo convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para ampliar o alcance do *Proxecto Nós: O galego na sociedade e economía de intelixencia artificial*. En total, as tres entidades achegarán máis de 600.000 euros co obxectivo de seguir avanzando na xeración de recursos lingüísticos e tecnolóxicos en lingua galega.

Este acordo supón un novo impulso ao traballo iniciado xa pola Xunta e USC o pasado 2021, a través da sinatura dunha primeira colaboración pola que se investiron os primeiros 150.000 euros destinados a planificar e impulsar o Proxecto Nós, enmarcado na Estratexia Galega de Intelixencia Artificial e ao que se pretende dedicar un total de 15,5 millóns de euros, que será o maior investimento directo na promoción do galego en toda a historia.

Durante a vixencia do actual convenio desenvolveranse tres liñas estratéxicas de acción: conversación (oral ou escrita) con persoas; calidade da lingua e xestión da información e, pola súa vez, atenderanse os seis subproxectos de maior impacto en relación ás tres liñas estratéxicas previamente indicadas: síntese de voz, recoñecemento da fala, xeración automática de textos, sistemas de diálogo, tradución automática e corrección e avaliación lingüística.

Con esta renovada colaboración, o Goberno galego e a USC pretenden acadar unha ampla variedade de recursos lingüísticos en galego de alta calidade, que serán publicados en formato dixital baixo licenzas libres e a través de ferramentas con códigos abertos para ser empregados, libres e gratuitamente, en calquera tipo de soporte dixital polas diferentes institucións públicas, polos axentes que conforman o tecido económico empresarial e pola sociedade en xeral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

É dicir, levarase a cabo a prestación dun servizo de carácter público e social, que incidirá na sociedade e que se executará mediante a acción pública, coordinada e colaborativa, entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela. Esta última, ademais, dispón de recursos materias e persoais, con especialistas de recoñecido prestixio no ámbito tecnolóxico e da investigación que complementan as necesidades para o desenvolvemento e execución do Proxecto Nós.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E OS PRINCIPAIS CLÚSTERS GALEGOS FORMARÁN A 10.500 PERSOAS OCUPADAS OU SEN EMPREGO PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES LABORAIS DO TECIDO PRODUTIVO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de cinco convenios de colaboración con Aclunaga, Ceaga, TIC Galicia, Asime e Cluergal, por valor de 3,5 millóns de euros
- O obxectivo da iniciativa é impartir cualificación axustada á demanda de cada un dos sectores produtivos de Galicia para dar resposta ás necesidades de persoal que se precisan, impulsando, así, a competitividade do tecido empresarial
- A formación ten que estar relacionada co Catálogo nacional de cualificacións profesionais co fin de que poida ser acreditada para a posterior obtención dun certificado de profesionalidade
- A medida inscríbese noutras actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para axustar a oferta á demanda laboral como son a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego ou o Estudo de tecnoloxías emerxentes

A Xunta asinará con cinco dos principais clústers galegos convenios de colaboración para formar a persoas traballadoras ocupadas ou sen emprego, co obxectivo de impartir cualificación axustada á demanda laboral e dar resposta, deste xeito, ás necesidades de persoal que precisa o mercado de traballo impulsando, así, a competitividade do tecido empresarial galego.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura desta colaboración, que se levará a cabo cos clústers TIC Galicia, de tecnoloxías e comunicación; Aclunaga, do sector naval; Ceaga, da automoción; Asime, do eido do metal e tecnoloxías asociadas; e Cluergal, representante do ámbito das enerxías renovables. En concreto, investiranse 3,5 millóns de euros para formar a 10.500 persoas a través de 266 accións formativas que deseñarán cada un dos clústers.

A formación para o emprego que se imparta terá carácter non formal polo que deberá estar relacionada co Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais co fin de que poida ser acreditada para a posterior obtención dun certificado de profesionalidade.

A previsión do Goberno galego é poder estender estes programas formativos a outros sectores de interese para a economía galega, como son, a alimentación e a saúde, o comercio ou a construción.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta actuación redundará, polo tanto, na mellora das persoas traballadoras ocupadas e sen emprego ao incrementar as súas oportunidades laborais; e do tecido produtivo, xa que a formación será axustada ás súas necesidades. Contribúese, así, ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras e ao aumento da innovación e produtividade das empresas.

A iniciativa enmárcase no Plan galego de formación para o emprego ao que o Goberno galego destina este ano 100 millóns de euros para mellorar a cualificación profesional de traballadores ocupados e desempregados, a competitividade das empresas e as oportunidades en Galicia.

Axenda Galega de Capacidades

A formación para o emprego axustada ás necesidades do tecido produtivo é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Así, outras iniciativas que está levando a cabo neste sentido son a Axenda Galega de Capacidades, que terá tamén unha resposta formativa ás necesidades demandadas polo tecido empresarial. É unha ferramenta clave no emparellamento entre a oferta e a demanda de emprego, para aumentar a produtividade das empresas e ofrecer novas oportunidades laborais á cidadanía. Permitirá, en definitiva, dispoñer dunha oferta formativa para os perfís e competencias que serán necesarios para facer fronte aos empregos do futuro.

Así mesmo, o Estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego, realizado pola Consellería de Emprego e Igualdade, busca poder elaborar unha proposta das cualificacións profesionais que serán necesarias para facer fronte aos empregos do futuro e tratar de prever, deste xeito, os futuros requirimentos formativos que serán demandados desde o mercado laboral. O estudo, do que xa se presentaron as súas conclusións, baseouse na avaliación de 15 sectores económicos estratéxicos e xeradores de emprego en Galicia e 14 tecnoloxías emerxentes para identificar os traballos que o proceso de dixitalización está a transformar e, polo tanto, requiren dunha adaptación da oferta formativa.

Con base nas conclusións do Estudo de Tecnoloxías Emerxentes e nos primeiros contactos no marco da Axenda Galega de Capacidades, contactouse cos clústers máis representativos do tecido produtivo de Galicia, co obxectivo de impartir as accións formativas que hoxe autoriza o Consello da Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 9,1 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA DE 885.000 DOSES DA VACINA ANTIGRI PAL

O obxectivo desta vacinación anual é reducir a mortalidade, a morbilidade e o impacto da enfermidade

O Consello de Xunta vén de autorizar a contratación da subministración sucesiva das vacinas antigripais por un importe total de licitación de 9.165.000 euros. Esta licitación recolle para o presente ano a contratación total de 885.000 doses. A Consellería de Sanidade, a través da súa Dirección Xeral de Saúde Pública, realiza ininterrompidamente, desde o ano 1991, a Campaña anual de vacinación antigripal entre os meses de outubro a decembro de cada ano, co obxectivo de reducir a mortalidade, a morbilidade e o impacto da gripe.

Sanidade remarca que as vacinas da gripe son un instrumento esencial de saúde pública, ao ser mecanismos de prevención para unha enfermidade de maior morbilidade e mortalidade e que aparece periodicamente. Ademais, as vacinas benefician tanto as persoas vacinadas como as non vacinadas e susceptibles que viven no contorno e a toda a sociedade.

Este ano adquirense dous tipos de vacinas antigripais, a tetravalente de cultivo en ovo para persoas entre os 6 meses e os 79 anos, e a tetravalente de alta carga para maiores de 80 anos e institucionalizados en residencias da terceira idade. Neste 2022 amplíase a partida da vacina tetravalente de alta carga para reforzar a vacinación das persoas con inmunosenescencia.

Sinalar, así mesmo, que é difícil predicir a evolución da pandemia, polo que non se pode prever se vai ser necesaria a administración conxunta de vacinas antigripais e anti-covid.

O departamento sanitario galego lembra que a gripe pode ser grave e incluso mortal, especialmente nalgúns grupos, tales como as persoas maiores, as mulleres embarazadas e aquelas outras con condicións médicas que as predispoñen ao padecemento de complicacións pola gripe.

É necesario remarcar, ademais, que a vacina da gripe se reformula todos os anos como consecuencia das variacións que se producen nos virus gripais, co obxecto de que concorden o máis posible os virus incluídos na vacina cos circulantes e contendo as cepas especificadas pola Organización Mundial da Saúde

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Datos da anterior campaña

Os datos rexistrados da campaña de vacinación do ano anterior reflicten que se rexistraron 832.248 vacinas. No grupo dos maiores de 65 anos contabilizáronse 511.873, o que representa unha cobertura do 73,74%.

Por áreas sanitarias, a de Ourense encabeza a lista, co 79,69% de cobertura (76.876 persoas); seguida de Lugo, co 75,62% (72.975 persoas); A Coruña, con 74,71% (102.704 persoas). A continuación sitúase Santiago, con 74,31% (82.936 persoas); Ferrol, con 72,07% (37.854 persoas); Pontevedra, con 71,23% (50.453 persoas); e Vigo, con 67,40% (86.769 persoas).

Por outra banda, no que se refire á vacinación dos profesionais sanitarios, contabilízanse 15.082 persoas, o que supón unha porcentaxe de 68,81%.

As mulleres embarazadas vacinadas na anterior campaña foron un total de 6.078.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DEDICA 717.600 EUROS A RENOVAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS PARA A LOITA CONTRA A LEUCEMIA

Ao longo do ano 2021 leváronse a cabo en Galicia un total de 224 transplantes de medula ósea dos que 40 foron de doadores non emparentados

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración que o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), ten coa Fundación Josep Carreras. O obxectivo deste convenio é que se poida localizar un doador de medula ósea compatible para calquera paciente galego que o precise, buscando primeiro no noso país, e acudindo ao resto de rexistros mundiais, se fose necesario.

Para o desenvolvemento deste convenio, o orzamento estimado inicialmente ascende a 717.600 euros.

Ao longo do pasado ano 2021, o Servizo Galego de Saúde levou a cabo un total de 40 transplantes de medula ósea de doadores non emparentados. Tamén se realizaron 41 transplantes de doantes emparentados e 143 autólogos ou autotransplantes, o que fai un total de 224 transplantes de medula ósea en Galicia durante o dito período.

Desde o ano 1993, no que se comezou a facer en Galicia este tipo de intervencións, xa se realizaron 3.815 transplantes de medula ósea na nosa comunidade.

Tres tipos de transplantes de medula

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado. Os transplantes autólogos son aqueles nos que se usan as células do propio paciente. Neles realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles nos que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles (algo que só sucede nun 25-30% dos casos); e os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles nos que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia. Cando isto sucede, recórrese aos rexistros nacionais de doadores non emparentados e de unidades de sangue de cordón umbilical, de forma que, cando un

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

paciente necesita un transplante e non ten un familiar compatible, recórrese ao Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

No caso de non atopar un doador nel, o REDMO conecta de forma automática co resto de rexistros internacionais de doadores de medula ósea e bancos de sangue de cordón umbilical, que agrupa a través do Bone Marrow Donors Worldwide (BMDW). En España isto faise a través da Fundación Josep Carreras, que é o rexistro que está autorizado no noso país para tal fin.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PARTICIPARÁ NA RENOVACIÓN DAS PISTAS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS CUNHA ACHEGA DE 3 MILLÓNS DE EUROS

A Xunta de Galicia celebra que o Concello de Vigo decidise en xullo de 2021 asumir o proxecto de remodelación do estadio de atletismo de Balaídos, sete anos despois de que goberno autonómico e local acordaran a reforma das pistas

A Secretaría Xeral para o Deporte vén de informar ao Consello da Xunta da súa participación na renovación integral do estadio municipal de atletismo de Balaídos, aceptando a solicitude do Concello de Vigo para a sinatura dun convenio de colaboración que suporá un investimento total de 7.678.055 euros e dos que a Xunta de Galicia achegará arredor do 40%, ata 3 millóns de euros.

Neste sentido, a Xunta de Galicia celebra que o Concello de Vigo decidise en xullo de 2021 asumir o proxecto de remodelación do estadio de atletismo de Balaídos, sete anos despois de que goberno autonómico e local acordaran a reforma das pistas. Naquel momento, as dúas administracións asumiron unha intervención por un importe de 2,7 millóns de euros, achegando a Secretaría Xeral para o Deporte 2,3 millóns de euros e o concello os restantes 400.000 euros. Desde aquel intre, a Xunta reserva ano tras ano nos seus orzamentos unha partida para comezar canto antes as obras nas pistas e agarda a decisión do concello para poder executar a obra, como agora é o caso.

Cómpre lembrar que a anulación do PXOM de 2008, en sentenza do Tribunal Supremo do 10 de novembro de 2015, esixía ao Concello de Vigo unha serie de modificacións urbanísticas pertinentes para poder comezala obra, tal e como confirman o informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia (2017) como o do Consello Consultivo de Galicia (2018).

A Xunta de Galicia ratifica a total vixencia do seu compromiso e amosa a súa absoluta colaboración co Concello de Vigo, como así o leva facendo desde o pacto acordado respecto das pistas de Balaídos no ano 2014. Do mesmo xeito ofrece ao Concello de Vigo o proxecto de obras de reforma do complexo de atletismo de Balaídos en Vigo, encargado e sufragado pola Xunta de Galicia e que posúe desde o ano 2015 e está na disposición de reunirse co concello para traballar na proposta definitiva.

Pistas IFEVI

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ante o bloqueo do Concello de Vigo para levar a cabo a obra das pistas de atletismo de Balaídos, a Xunta de Galicia adxudicou en xaneiro de 2022 as obras do módulo cuberto de atletismo do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), que vén a paliar a situación de parálise que vive o atletismo vigués e que suporá unha unha solución para que os atletas vigueses poidan adestrar todos os días do ano nunha pista cuberta, sen límite de capacidade, con independencia da situación meteorolóxica e que quedará instalada para sempre dentro do patrimonio do deporte de Vigo. As novas infraestruturas deportivas, das que se verán beneficiados preto de 1.000 atletas repartidos entre os 15 clubs da área metropolitana de Vigo, contarán cunha recta de atletismo de 60 metros de lonxitude e seis rúas, ademais de catro zonas diferenciadas para a práctica do salto de lonxitude e triplo salto, lanzamento de peso, salto con pértiga e salto de altura. O módulo de atletismo será executado 40 días despois do remate da obra de ampliación do Ifevi, que se recolle para o mes de maio.

Esta actuación ratifica a aposta da Xunta pola busca de solucións polivalentes que reforcen algúns dos recintos feirais da Comunidade, co obxectivo de impulsar a compatibilidade cos usos deportivos, como sucede coa pista de atletismo cuberta de Expourense e co rocódromo do Pazo de Feiras e Congressos de Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIU PRETO DE 18M€ O ANO PASADO EN APOIO AO SECTOR TURÍSTICO E EN ACTUACIÓNS EN COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS DA ÁREA DE VIGO

- O Goberno galego destinou case 3M€ a 12 liñas de axudas e convenios con entidades dos 14 municipios da área de Vigo para a reactivación do turismo, ademais de case 1M€ en 36 proxectos de "O Teu Xacobeo" e case 13,4M€ dos dous plans de rescate da Xunta, dos que se beneficiaron máis de 6.200 negocios de hostalaría
- A Xunta investiu outros 438.220 euros en melloras de infraestruturas e ambientais nos concellos da área viguesa, así como na renovación das flotas de vehículos da Policía Local

O Consello da Xunta deu conta hoxe das actuacións levadas a cabo en 2021 nos 14 municipios da área de Vigo en apoio ao sector turístico con máis de 17,3 millóns de euros, e aos que se suman outros 438.220 euros para colaborar coas entidades locais na mellora das súas infraestruturas ou en proxectos relacionados coa protección e conservación da contorna.

No que se refire ás actuacións no eido turístico, por unha parte, destináronse 2,9 millóns de euros ás liñas de axuda e convenios asinados pola Administración autonómica a través de Turismo de Galicia. Desta contía, 2,2 millóns correspóndense coas axudas habilitadas durante 2021 no marco do Plan de choque para o reforzo do sector turístico, entre as que destacan máis de 715.000 euros, que se gastaron nestes concellos ao abeiro do Bono Turístico #QuedamosenGalicia; a liña de axudas para equipamentos fronte á covid, da que se beneficiaron 28 empresas da área por 385.000 euros; ou as axudas para a mellora das infraestruturas turísticas dos establecementos de aloxamento e restauración, que sumaron case 260.000 euros para 15 empresas turísticas situadas nestes concellos. Ademais, destináronse 737.000 euros para o desenvolvemento de seis convenios entidades locais e co tecido asociativo turístico desta área territorial.

Ademais, o Goberno galego concedeu preto dun millón de euros para apoiar 36 proxectos neste territorio no marco do programa *O Teu Xacobeo*, co obxectivo de involucrar a cidadanía na celebración do Xacobeo 21-22 e estender a súa programación a todos os concellos da comunidade.

Finalmente, a área de Vigo beneficiouse dun investimento de case 13,4 millóns de euros a través dos dous plans de rescate postos en marcha pola Xunta, investimento que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

chegou a un total de 6.240 beneficiarios de establecementos de hostalaría deste territorio.

No conxunto de toda Galicia, estas medidas postas en marcha para a reactivación do tecido turístico galego supuxeron o ano pasado máis de 120 millóns de euros entre as medidas do Plan de choque para o reforzo do sector turístico e os 90 millóns para a hostalaría dos dous plans de rescate da Xunta.

Axudas para melloras ambientais e de infraestruturas

Por outra banda, a Xunta investiu 438.220 euros o ano pasado en 10 entidades locais da área de Vigo ao abeiro da Orde de infraestruturas de uso público, do Fondo de Compensación Ambiental e das axudas para a adquisición de vehículos mediante *renting* para os corpos de Policía Local.

Da Orde de infraestruturas de uso público beneficiáronse en 2021 os concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Mos, Pazos de Borbén e Salvaterra de Miño, que recibiron en conxunto máis de 148.800 euros. Este apoio permitiu a estes municipios levar a cabo actuacións en parques infantís para contar con zonas de lecer para as familias, obras en edificios ou dependencias municipais e instalacións deportivas, así como a renovación da iluminación pública en distintos núcleos.

A Xunta destinou 4 millóns de euros o ano pasado a esta liña de axudas para a toda a comunidade que derivaron en 125 iniciativas relacionadas coa mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.

Por outra parte, destináronse na área viguesa 156.208 euros da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental. En concreto, para proxectos de eficiencia enerxética e de utilización de enerxías renovables na iluminación pública en Mos, Nigrán e Pazos de Borbén, xunto co acondicionamento dun roteiro en Moaña, a adquisición dun vehículo con distinto ambiental cero emisións ou Eco no municipio de Gondomar e unha campaña divulgativa sobre o ambiente en Soutomaior. Ademais, o concello de Fornelos de Montes recibiu máis de 6.100 euros da liña non competitiva deste fondo por contar por atoparse o seu territorio dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e afectados pola instalación de conexión ou vía de evacuación.

A Xunta mantén o seu compromiso co equilibrio territorial e cun desenvolvemento sustentable dos concellos, tendo en conta que esta demanda adquiriu máis importancia aínda tras a pandemia do coronavirus. Cun investimento de máis de 11 millóns de euros

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na convocatoria de 2021, leváronse a cabo 254 iniciativas na comunidade ao abeiro das dúas liñas do Fondo de Compensación Ambiental.

Por outra parte, en 2021 a Xunta puxo en marcha unha nova liña de axudas atendendo á demanda dos concellos e co obxectivo de contribuír á redución da emisión de gases efecto invernadorio e afrontar os efectos do cambio climático, colaborando cos concellos na renovación das flotas de vehículos da Policía Local a través dunha liña de axudas específica financiada a través do Fondo de Compensación Ambiental.

O Goberno galego destinou a estas axudas máis de 1 millón de euros das que se beneficiaron 34 entidades locais galegas. Os concellos de Baiona, Cangas, Mos e Soutomaior adquiriron cadanseu vehículo a través de *renting*, o que supuxo máis de 127.000 para área de Vigo nesta liña de axudas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA CO PLAN DE ACTIVIDADES PARA ESTE ANO POLO REFORZO DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA NO MARCO DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

- O Consello da Xunta deu conta das actividades da Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorrexión, entre as que se inclúen a preparación de proxectos cos que concorrer aos fondos europeos do programa POCTEP
- A Xunta incide na necesidade de intensificar a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal e continuará a través da Eurorrexión a apoiar a mobilidade académica co proxecto "Iacobus" e tamén no ámbito cultural cunha nova convocatoria de "Nortear" e no turístico con "Facendo Caminho"

O Consello da Xunta deu conta hoxe das actividades da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, incluíndo o plan para este ano co obxectivo de fomentar a cooperación de proximidade.

Outro dos eixos do plan de actividades da AECT para 2022, aprobado o pasado 23 de marzo pola Asemblea e o Consello Superior da entidade, centrarase na preparación de proxectos de cooperación transfronteiriza acordados coas novas orientacións do novo programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP) para o período 2021-2027.

A Xunta incide na necesidade de intensificar a cooperación transfronteiriza de proximidade no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. No que se refire á mobilidade xeográfica apóiase o estatuto do traballador transfronteirizo e a conexión ferroviaria Vigo-Porto.

Por outra banda, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal publicará este ano novas convocatorias do programa de mobilidade académica *Iacobus* para estadias, publicacións científicas e patentes. Tamén se continuará a fomentar o intercambio na Eurorrexión no ámbito cultural a través do proxecto *Nortear* e no turístico co programa *Facendo Caminho* mediante a consolidación das rutas do Camiño de Santiago na Eurorrexión.

Ademais, a AECT da Eurorrexión seguirá a colaborar na promoción e difusión dos Camiños de Santiago en Portugal, coa dirección de Turismo do Norte luso e a de Galicia co obxectivo de presentar neste 2022 as bases para o plan director das rutas xacobeas portuguesas a Compostela e coordinar un estudo sobre o impacto dos Camiños Portugueses a Santiago.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E no relacionado co eido educativo, porase en marcha un novo proxecto sobre Formación Profesional Dual transfronteiriza co obxecto de posibilitar as prácticas de alumnos de FP na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Nos proxectos levados a cabo destacan tamén os *Job Days* cos que fomentar a mobilidade e o emprego na Eurorrexión ou o programa *B-Solutions* con proxectos destinados a identificar obstáculos á cooperación transfronteiriza. O *B-Solutions* permitiu xa a aprobación de iniciativas para simplificar a mobilidade transfronteiriza dos menores para intercambios culturais, deportivos ou educativos; ao igual que na guía de circulación dos vehículos de traballadores transfronteirizos e na contratación simultánea en España e Portugal, así como o fomento do teletraballo.

A AECT da Eurorrexión ten como finalidade principal facilitar e fomentar a cooperación territorial e institucional para axudar a eliminar as barreiras físicas e burocráticas e contribuír a mitigar as fronteiras co funcionamento dunha Eurorrexión transfronteiriza efectiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CAMIÑO E A CELEBRACIÓN DO XACOBEO TRADÚCESE XA NUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 7,8M DE EUROS NA ÁREA DE VIGO

- O Consello da Xunta deu conta dun informe que recolle as actuacións no Camiño Portugués e da Costa en materia de sinalización e acollida, así como as iniciativas de promoción e difusión da celebración do Xacobeo 21-22
- As actuacións en materia de conservación e mellora do trazado supuxeron un investimento de 3,2 millóns de euros no período 2019-2021, mentres que na rede de Albergues Públicos de Peregrinos a principal actuación foi a apertura do albergue de Vigo, o primeiro no itinerario da Costa
- A promoción e difusión do Xacobeo 21-22 supuxo ata o ano pasado un investimento de 2,6 millóns de euros nesta área territorial

O Consello da Xunta deu conta dun informe de actuacións que o Goberno galego vén levando adiante nos concellos da área de Vigo no marco da celebración do Xacobeo 21-22 e que se traduciu nun investimento de preto de 7,8 millóns de euros entre 2019 e 2021.

No informe recóllense as actuacións que se levaron adiante neste período nos 14 concellos que integran a delegación territorial: Nigrán, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Vigo, Cangas e Moaña. Así mesmo, tamén se indican as actuacións e investimentos no Camiño Portugués e no Portugués da Costa, que son os dous itinerarios terrestres que transcorren polos concellos que integran esta área.

Este investimento materializouse en accións de mellora do trazado e da acollida na rede de albergues públicos do Camiño Portugués e da Costa, así como en accións de promoción e difusión do Xacobeo. No que atinxe ás actuacións no eixe do Camiño, o informe recolle que nestes dous trazados leváronse adiante actuacións de conservación, sinalización e mellora do trazado por importe de 3,2 millóns de euros.

No eixe de acollida a principal actuación levada adiante entre 2019-2021 foi a posta en marcha do albergue de peregrinos de Vigo, o primeiro albergue público co que conta o Camiño Portugués da Costa e que supuxo un investimento de 1,8 millóns de euros. A maiores, no marco do Plan de mellora dos albergues 2021 leváronse adiante traballos de mellora en seis dos albergues públicos por importe de máis de 100.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Falla de sinalización no concello de Vigo

O documento recolle tamén que a totalidade de ambos trazados está debidamente sinalizada, a excepción de Vigo, como consecuencia da negativa deste concello a que se coloquen os sinais que guían os peregrinos que atravesan a cidade olívica.

Este feito insólito motivou que o Goberno galego puxera en marcha diversas iniciativas en colaboración co sector turístico – a través da sinatura dun convenio coa Federación de Hostelería de Pontevedra (Fepros) para sinalizar o Camiño nos establecementos-ou empregando as novas tecnoloxías, coa posta en marcha dunha aplicación móbil do Camiño en Vigo, que se agarda que estea operativa co obxectivo de que a experiencia do peregrino neste trazado non se vexa prexudicada pola negativa deste concello a sinalizar o Camiño de Santiago, o único concello galego que se ten negado a colocar estes sinais.

Promoción do Xacobeo 21–22

O informe sobre as actuacións do Xacobeo 21-22 na área de Vigo inclúe tamén a relación dunha vintena de actuacións neste territorio para a promoción e difusión da celebración do Ano Santo, que suman algo máis de 2,6 millóns de euros. A maiores destas iniciativas, estanse ultimando novas colaboracións e varios concertos e festivais musicais que se anunciarán na área de Vigo en próximas datas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA A ESTRATEXIA NAVAL 2022-2026 NA PROCURA DE PROMOVER A COOPERACIÓN ENTRE ESTALEIROS E POTENCIAR A DIVERSIFICACIÓN DE PRODUTOS E MERCADOS PARA POSICIONAR GALICIA ANTE O PERTE DO SECTOR

- A folla de ruta recolle os obxectivos e prioridades a través de oito campos de actuación cuxas medidas se seguirán definindo e enriquecendo agora coas achegas do sector
- O documento emparéllase co Perte do naval co obxectivo de que Galicia ocupe o seu espazo na repartición dos fondos europeos, facilitando así a aposta pola dixitalización da cadea de valor, pola sustentabilidade ambiental e pola mellora da formación e capacitación dos traballadores
- Promoverase o desenvolvemento de proxectos tractores que permitan xerar crecemento, emprego e competitividade, e que sexan susceptibles de ser financiados polos fondos europeos
- Potenciarase a liquidez de empresas auxiliares da construción naval, impulsaranse liñas de financiamento específicas para a renovación da frota pesqueira coa finalidade de fomentar un sector sustentable e innovador que prime o compoñente tecnolóxico, a eficiencia enerxética e o capital humano
- Habilitaranse programas de axudas que faciliten o redeseño das infraestruturas cara aos modelos do 'estaleiro 4.0', promovendo apoios para activar solucións dixitais en colaboración cos centros e os hubs de innovación
- A nova estratexia impulsada pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, destaca a importancia de apostar polo talento, de traballar na internacionalización da industria auxiliar e fortalecer a cadea de valor neste sector

O Consello da Xunta avaliou hoxe a Estratexia de recuperación, crecemento e diversificación da industria naval de Galicia 2022-2026, unha completa folla de ruta coa que o Goberno galego aspira a reforzar e xerar sinerxías nesta industria estratéxica, ao tempo que potencia a diversificación de produtos e mercados para posicionar Galicia ante o Perte do sector.

Consensuada co conxunto dos axentes desta industria, a estratexia elaborada pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, senta as bases sobre as que promover a recuperación e o crecemento do naval que suma, na nosa Comunidade, máis de 290 empresas e 12.500 postos de traballo directos -cifra que ascende aos 26.000 contando cos indirectos-, e que representa o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

3,5% do PIB galego. Agora, a nova estratexia seguirase definindo a través de medidas concretas que se irán deseñando en consenso coas achegas e necesidades do propio sector.

Nun escenario económico marcado pola falta de medidas e de apoios a nivel estatal que garantan a estabilidade desta industria estratéxica -axudas e programas de financiamento menos ambiciosos que noutros competidores a nivel europeo-, o encarecemento de prezos, a falta de materias primas e subministracións, a pandemia e a invasión de Ucraína por parte de Rusia, a estratexia galega para o próximo lustro agarda que o Perte do naval se converta nunha verdadeira oportunidade para a recuperación do sector. Neste sentido, o obxectivo é que Galicia ocupe o espazo que lle corresponde na repartición dos fondos europeos, facilitando así a aposta pola dixitalización da cadea de valor, pola sustentabilidade ambiental e pola mellora da formación e capacitación dos traballadores.

Neste sentido, o Perte debe constituírse nun fito fundamental, tendo como obxectivo, precisamente, a transformación da totalidade da cadea de valor da industria a través da diversificación, a dixitalización e a mellora da sustentabilidade ambiental, cunha aposta decidida polas enerxías renovables mariñas e os buques de baixas emisións.

Cun investimento público-privado de 1.460 millóns de euros (só o 21,2% fondos públicos), o Perte aspira, entre outras metas, a incrementar nun 15% a competitividade do sector; a acadar unha taxa de crecemento anual do 9%; a impulsar a creación de máis de 3.000 postos de traballo, alcanzando a cualificación dixital de máis de 5.000 empregados, a reducir as emisións á atmosfera de CO₂ e outros contaminantes; ou a mellorar a seguridade industrial entre as empresas da industria naval.

Tres eixos e oito campos de actuación

Estes obxectivos emparéllanse coa nova estratexia, planificada sobre tres eixos fundamentais -mellora competitiva, transformación e diversificación-, e desenvolvida a través de oito campos de acción cuxas medidas se irán ampliando e concretando en consenso co sector -estaleiros e industria auxiliar-.

Así, o primeiro destes ámbitos céntrase na regulación das cargas administrativas e no establecemento dun marco de apoio axeitado. Neste campo, promoveranse proxectos tractores, vertebradores doutras iniciativas empresariais, e que sexan susceptibles de ser financiados polos fondos europeos de recuperación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, levarase a cabo un estudo para a redución de cargas administrativas que faciliten o desenvolvemento de actividades relacionadas coa construción naval; impulsarase unha maior coordinación entre os distintos ministerios relacionados coa industria marítima; e promoverase, xunto a Pymar, unha estratexia europea común para o futuro do sector naval e a coordinación das accións dos Estados membros neste ámbito.

O segundo campo de actuación atende a necesidade de financiamento. Neste eido habilitarase unha nova liña de garantías para apoiar os estaleiros e a industria auxiliar na contratación de proxectos de eólica mariña. Así mesmo, potenciarase a liña de préstamos para liquidez de empresas auxiliares da construción naval, impulsaranse liñas de financiamento específicas para a renovación da frota pesqueira galega, e poñeranse á disposición do sector fondos de capital risco para apoiar operacións de consolidación e crecemento.

En terceiro lugar, promoverase a cooperación entre estaleiros na procura tanto de obter economías de escala e sinerxías que melloren a súa competitividade como de facilitar o acceso conxunto a proxectos. Unha colaboración que se estenderá, tamén, a Pymar e Navantia, que cooperarán na fabricación de estruturas para a eólica mariña flotante en España.

Innovación, dixitalización, sustentabilidade e internacionalización

O cuarto ámbito de actuación céntrase no fomento da innovación aproveitando, para o seu desenvolvemento, o actual ecosistema científico-tecnolóxico vinculado co sector naval. Un marco sobre o que, ademais de activar instrumentos financeiros orientados á aplicación de novas tecnoloxías, se buscará optimizar os procesos de xestión e produción, estandarizar tecnoloxías e promover a descarbonización da frota e a procura de enerxías de propulsión alternativas.

Esta aposta pola innovación preséntase en estreita colaboración co quinto ámbito de actuación: a dixitalización. Un eido no que se habilitarán programas de axuda que faciliten o redeseño das infraestruturas cara aos modelos de *estaleiros 4.0* e no que se promoverán, tamén, apoios para activar solucións dixitais en colaboración cos centros e os hubs de innovación.

En sexto lugar, a Estratexia Naval 2022-2026 atende a sustentabilidade na procura tanto de factorías sustentables como de actividades de economía circular. Neste marco, impulsaranse, entre outras accións, a produción e uso do hidróxeno verde, a reparación sustentable de buques, o desenvolvemento de plans estratéxicos para a entrada dos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estaleiros e da industria auxiliar en sectores relacionados coas enerxías alternativas, e a compra pública innovadora como incentivo para investir no desenvolvemento de tecnoloxías verdes no naval.

O sétimo campo de actuación céntrase na busca de novos mercados que permitan consolidar e reforzar a internacionalización do sector. Para isto, as empresas da industria auxiliar terán á súa disposición as antenas de internacionalización do Igape, o que lles facilitará a creación de redes de comercialización en mercados estranxeiros. Ademais, levaranse a cabo xornadas e sesións informativas sobre casos de éxito e boas prácticas no ámbito da internacionalización, e porase en marcha un observatorio do mercado naval.

Aposta decidida polo talento

Todas estas accións susténtase, así mesmo, sobre o oitavo campo de actuación: a aposta polo talento. Activaranse aquí distintos programas que melloren as capacitacións profesionais en competencias dixitais, internacionalización ou innovación, entre outros. Así mesmo, facilitarase a homologación de certificados de profesionalidade e programas de formación e reciclaxe dos traballadores.

Deste xeito, a Estratexia naval de Galicia para o próximo quinquenio aspira a consolidar a experiencia, a capacidade e os medios técnicos dunha das principais industrias da Comunidade, activando as accións necesarias para o seu crecemento e diferenciación sobre a base dunha axenda integral e consensuada cos axentes do sector. Un documento que se configura como punto de partida que agora será analizado, completado e consensuado cos propios representantes da industria naval galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 460.000€ PARA DOTAR A CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NA QUE PRIME O DESEÑO E A EFICIENCIA ENERXÉTICA

- Inclúe a instalación de tecnoloxía LED de alta eficiencia enerxética, cun sistema de control por telexestión, así como a posibilidade de proxectar imaxes e textos na fachada durante a conmemoración de distintos eventos
- A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), financiará esta nova iniciativa, que ten un prazo de execución de cinco meses
- Este proxecto demostrativo poderá ser replicado a futuro noutros edificios singulares de titularidade autonómica

A Xunta vai investir 460.402 euros (IVE incluído) no proxecto de iluminación exterior da Cidade da Xustiza de Vigo, o que permitirá dotar estas instalacións de equipamento lumínico no que prime o deseño e a eficiencia enerxética. O prazo de execución será de cinco meses tras a adxudicación das obras.

Os elementos escollidos para acadar o efecto desexado neste inmovible singular da cidade de Vigo son, principalmente, a iluminación da torre e a fachada posterior, destacando determinados elementos puntuais. O conxunto componse dunha iluminación combinada con luminarias empotradas, luminarias de superficie e proxectores, combinando sistemas liñais e puntuais.

Desde a praza tamén se incluírá a iluminación da fachada do vestíbulo mediante proxectores tipo *Gobo*, que permitirá a conmemoración de distintos eventos con proxeccións de imaxes e textos que variarán en función da celebración. A coroación da iluminación da torre da Cidade da Xustiza realizarase mediante equipos RGB (cor) a modo de comunicador coa cidade. Ademais, as luminarias elixidas cumprirán tamén unha función de sinalización.

Os equipos técnicos a instalar serán de tecnoloxía LED de alta eficiencia enerxética, cun sistema de control por telexestión que permitirá regular o nivel de iluminación e garantir a optimización dos equipos, que presentan unha vida útil estimada de máis de 60.000 horas de funcionamento (máis de 15 anos), o que suporá unha redución en custos de mantemento.

A iluminación exterior da Cidade da Xustiza de Vigo trátase dun proxecto demostrativo que vai ser replicado a futuro noutros edificios singulares de titularidade autonómica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxe: Vista iluminación principal



Imaxe: Iluminación fachada, corpo semicircular e coronación






Imaxe: Coronación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACOMETERÁ NOS PRÓXIMOS DOUS ANOS ACTUACIÓNS POR MÁIS DE 6,1 MILLÓNS DE EUROS NO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

- A Consellería de Medio Ambiente convocará proximamente unha orde de axudas, dotada con 1,6 M€, dirixida a concellos, entidades e particulares pertencentes á área de influencia socioeconómica dos arquipélagos de Cíes, Ons, Cortegada e Sálvora
- Tamén se executarán proxectos concretos nas illas, entre os que destacan as melloras nas redes de abastecemento e saneamento, cun investimento de 1,4 M€
- As iniciativas de conservación e recuperación da biodiversidade e de mellora das infraestruturas aglutinan 3 M€ do orzamento planificado para 2022 e 2023

A Xunta levará a cabo entre este ano e o vindeiro actuacións que suman un investimento de máis de 6,1 millóns de euros no Parque Nacional das Illas Atlánticas, co fin de poñer en valor e divulgar o patrimonio natural do único espazo deste tipo declarado en Galicia.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá en Vigo, coñeceu o contido dun Informe sobre os investimentos no Parque Nacional, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no que se detallan as actuacións planificadas para os anos 2022 e 2023.

Cómpre lembrar que este espazo, declarado Parque Nacional hai dúas décadas, está composto por catro arquipélagos (Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada) e as augas mariñas que rodean estes territorios. A súa xestión corresponde en exclusiva á Xunta de Galicia.

O conxunto comprende un total de 8.480 hectáreas, das cales practicamente o 86% corresponden á superficie mariña. Dos catro arquipélagos, o que presenta unha maior superficie é o de Cíes, con 3.091 hectáreas.

Dentro do investimento previsto, o Goberno galego convocará proximamente a orde bianual de axudas na área de influencia socioeconómica do Parque, por un importe de 1,66 millóns de euros, financiada con fondos NextGenerationEU. Estas subvencións, que poderán cubrir ata o 100% do importe da actuación, estarán dirixidas aos concellos, entidades —empresariais e de dereito público— e persoas particulares que residan nos concellos de Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira.

Cada colectivo poderá abordar unhas iniciativas concretas para as que se establece un importe máximo. No caso dos particulares, poderán optar a un máximo de 15.000 euros para levar a cabo actuacións modernización das infraestruturas urbanas, periurbanas e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rurais destinadas ao uso xeral; ou accións de conservación e restauración do patrimonio natural —hábitats, ecosistemas degradados, eliminación de exóticas, etc.— e arquitectónico —recuperación de hórreos, fornos comunais e semellantes—, entre outras.

Por outra banda, a Xunta dedicará 1,4 millóns de euros a proxectos concretos para mellora do ciclo da auga nos arquipélagos. Concretamente, en Ons mellorarase o sistema de depuración de augas residuais, substituíndo o actual sistema por un de maior eficiencia, colocaranse fosas sépticas nas vivendas sen conexión ao saneamento e mellorarase a rede de abastecemento de auga potable; en Cíes tamén se substituirán as fosas sépticas e se construírá unha nova rede de abastecemento de auga potable; e en Cortegada mellorarase o sistema de abastecemento potable na illa.

Conservación da biodiversidade e mellora das infraestruturas

Así mesmo, a Xunta tamén levará a cabo nos próximos dous anos actuacións nas infraestruturas e servizos do parque, como a mellora da caseta de información de Cíes e dos instrumentos de educación e a sensibilización ambiental dos visitantes.

En canto ás actuacións para a preservación do patrimonio natural que atesouran estes enclaves naturais, destacan a conservación dos ecosistemas terrestres, costeiros e dunares, mediante a eliminación manual ou mecánica de especies exóticas, reparacións nos sistemas de peche ou a redución da degradación dos bosques nas illas; a recuperación da biodiversidade, con medidas para reducir a presenza de especies alóctonas ou de control de carnívoros terrestres invasores; e a rehabilitación de zonas degradadas, grazas á plantación de exemplares obtidos en viveiro.

Farase especial fincapé en dúas zonas das illas Cíes, Castro das Hortas e a duna de Muxieiro, así como na zona de Melide en Ons.

Este grupo de actuacións suman un orzamento de case 3 millóns de euros, é dicir, un 50% do orzamento global para potenciar os valores do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RECIBE 15 OFERTAS PARA O PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA DAS PRIMEIRAS 79 VIVENDAS PÚBLICAS DE NAVIA, EN VIGO, E LICITARÁ PROXIMAMENTE O DE 128 MÁIS

- O Goberno galego prevé investir 28,7 M€ na construción destes 207 inmobles, correspondentes ao polígono 1, na que haberá en total 733 vivendas protexidas
- En canto ás obras de urbanización desta primeira fase, o prazo de presentación de ofertas remata o vindeiro 1 de xuño, pero non se poderán adxudicar antes de que o Concello aprobe o proxecto de xeito definitivo
- A Xunta lamenta que o atraso acumulado e os cambios de criterio da Administración local xa supoñen un custo engadido de 2,4 M€ para as arcas autonómicas

A Xunta de Galicia recibiu un total de 15 ofertas para a contratación do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra para a construción de 79 vivendas de promoción pública, garaxes, rochos e locais na ampliación de San Paio de Navia, en Vigo.

Os contratos licitáronse por algo máis de 620.000 euros o pasado mes de xaneiro e o Goberno galego está a valorar na actualidade cada unha das ofertas, tanto a nivel económico como técnico, para determinar cal é a proposta adxudicataria en cada caso. A previsión é adxudicar os servizos antes deste verán.

Na reunión do Consello, celebrada hoxe en Vigo, a Xunta tamén deu conta da próxima licitación, a principios do vindeiro mes de maio, dos proxectos e dirección de obra das restantes 128 vivendas de promoción pública —divididas en 4 edificios— correspondentes ao polígono 1, por un importe de 1,2 millóns de euros.

En total, xa tendo en conta as obras e outros aspectos como a dirección da execución e o control de seguridade, o Instituto Galego da Vivenda e Solo prevé investir 28,7 millóns de euros na construción das citadas 207 VPP da primeira fase de Navia.

Non obstante, a estas haberá que sumar os inmobles construídos por cooperativas e promotores, ata un total de 733 vivendas protexidas correspondentes ao polígono 1.

Cómpre lembrar que o ámbito da ampliación de San Paio de Navia abrangue unha superficie de 265.000 m², dividida en tres grandes polígonos, e no mesmo se prevé un investimento público-privado de 250 millóns de euros co fin de habilitar un total de 1.600 novas vivendas protexidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ás obras de urbanización da primeira fase, licitadas por máis de 11,4 millóns de euros, o prazo de presentación de ofertas remata o vindeiro 1 de xuño.

Non obstante, cómpre lembrar que as obras de urbanización e as de construción de vivenda do polígono 1 non se poderán adxudicar, así como tampouco convocar o concurso de solo residencial, ata a aprobación definitiva do proxecto por parte do Concello de Vigo, ao que lle foi presentado hai case un ano, en abril de 2021, pouco antes de que lle foran remitidos tamén os documentos das dúas fases restantes.

Dilatación dos trámites e incremento do importe de licitación

Desde entón, o Concello realizou multitude de requirimentos que foron dilatando o tempo de tramitación para a súa aprobación e, nalgúns casos, mesmo incluíron cambios de criterio sobre outros anteriores ou a inclusión de elementos que non foran requiridos con anterioridade.

En menos dun ano, a Xunta tivo que responder ata tres veces aos sucesivos informes e observacións recibidos por parte de diferentes departamentos municipais e das empresas subministradoras de servizos, sen que o Concello fora capaz de emitir un único documento con todos os seus requirimentos aos tres proxectos de Navia.

O Goberno local solicitou un cambio de material da rede de abastecemento de polietileno a fundición, así como o incremento do espesor da capa de rodadura das vías, cunha escasa xustificación técnica, e a Xunta aceptou como xesto de boa vontade co fin de desbloquear o proxecto

Non obstante, estas modificacións solicitadas polo Concello non só contribuíron a dilatar a propia tramitación, obrigando os redactores a facer novos cálculos e adaptar os proxectos orixinais, senón que tamén comportan un aumento dos custos previstos.

De feito, supuxo para a Xunta ter que incrementar en case 1,9 millóns de euros o prezo base de licitación da urbanización de Navia. Un incremento que, sumado ao dos prezos dos materiais de construción, foi en total de 2,4 millóns de euros.

Así, cando o prezo base da urbanización de todo o ámbito era en abril de 2021 de 24,6 millóns de euros, agora xa ascende a 27 millóns de euros, case un 10% máis.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 15,5 M€ NO FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE EN VIGO E A SÚA ÁREA, COA HUMANIZACIÓN DAS AVENIDAS DE BEIRAMAR E DE GALICIA, A DISPOSICIÓN DE 4 APARCADOIROS E A MELLORA DE 198 PARADAS DE AUTOBÚS

- O Goberno galego destinará 3,5 M€ á humanización da avenida de Galicia para garantir a mobilidade dos peóns e o acceso ao transporte público
- Executarase unha glorieta na intersección entre esta avenida e a da Mariña Española para distribuír e calmar o tráfico, favorecerase o tránsito pola traza do Camiño Portugués e mellorarase o acceso peonil ao IES de Teis e ao centro de saúde
- No marco dun convenio coa Autoridade Portuaria, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, tamén se acondicionará a avenida Beiramar e se executará unha senda no Berbés, cun orzamento de 4,5 M€
- A Xunta investirá 1,6 M€ en 4 aparcadoiros con 320 prazas nas contornas da autoestrada do Val Miñor, en Nigrán; na autovía do Morrazo, no enlace de Domaio e na área de servizo; e para ampliar o da PO-551, en Domaio
- O Goberno galego inclúe ademais nestas intervencións a mellora de 198 paradas de autobús interurbano en estradas autonómicas, cun investimento de case 6 M€
- A estes proxectos súmase a estación de autobuses intermodal de Vigo, cun investimento de 18 M€, que estará rematada en maio e se porá en servizo tan pronto o Concello finalice os accesos
- As intervencións enmárcase nos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas cidades galegas

A Xunta impulsará un conxunto de actuacións para fomentar a mobilidade sustentable en Vigo e na súa área de influencia cun investimento autonómico de 15,5 millóns de euros, prevendo a humanización das avenidas de Beiramar e de Galicia, a disposición de 4 aparcadoiros e a mellora de 198 paradas de autobús.

Este conxunto de actuacións, que foron abordadas hoxe no Consello da Xunta, enmárcanse no programa europeo dos Fondos Next Generation e teñen como obxectivo favorecer a mobilidade sustentable en Vigo e na súa contorna.

A proposta da Xunta inclúe, en primeiro lugar, dúas actuacións dirixidas a optimizar a mobilidade peonil e ciclista, que suporán un investimento de 8 millóns de euros.

Por unha parte, proxéctase a humanización da avenida de Galicia, de modo que se poida asegurar ao longo da súa lonxitude no concello de Vigo unha axeitada accesibilidade

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para os peóns e unha mellora do acceso ao transporte público. O Goberno galego destinará un orzamento de 3,5 millóns de euros a este proxecto e prevé a licitación das obras no segundo semestre de 2022 co fin de inicialas en 2023.

Nunha primeira fase, intervírase no treito entre o cruzamento coa avenida Mariña Española e o Instituto de Teis, con medidas de calmado de tráfico e de protección de peóns.

Executarase unha glorieta na intersección entre a avenida de Galicia e a da Mariña Española, para distribuír e calmar o tráfico. Ademais, nese punto favorecerase o tránsito pola traza do Camiño Portugués pola Costa, restrinxíndose o paso de coches nun treito da Baixada a Riós.

Ampliaranse as beirarrúas, favorecendo o tránsito peonil cara a equipamentos como o Instituto de Teis, o centro de saúde e o futuro Campus do Mar da ETEA. En canto ao transporte público, ampliarase e mellorarase á accesibilidade ás paradas de autobús.

Nunha segunda fase, continuarase o proxecto, incidindo na mellora da accesibilidade peonil e nas paradas do transporte público. Así, darase acceso ao pavillón de Teis, ao parque da Riouxa e ao colexio público San Salvador. Tamén se reforzará a conectividade coa vía verde en execución sobre a antiga vía do ferrocarril, favorecendo o uso da bicicleta ás persoas que vivan ou accedan á zona de influencia da actuación.

Por outra parte, no marco destas intervencións de fomento da mobilidade sustentable, o Consello da Xunta tamén autorizou hoxe o convenio de colaboración coa Autoridade Portuaria de Vigo para a humanización da avenida Beiramar e a execución dunha senda peonil e ciclista no Berbés, que suporán un investimento de 4,5 millóns de euros.

Aparcadoiros

A Xunta tamén propón a execución de 4 aparcamentos tipo *carpooling* con 320 prazas nas contornas da vía de altas prestacións do Val Miñor (AG-57), en Nigrán; da autovía do Morrazo, no enlace de Domaio e no espazo previsto para área de servizo; e coa ampliación do xa existente na estrada PO-551, en Domaio.

Estes aparcadoiros, cun investimento de 1,6 M€, poderán estar conectados con plataformas reservadas para o transporte público e con itinerarios peonís e ciclistas, para fomentar a mobilidade sustentable, facilitando o acceso ás estacións intermodais e o uso compartido de vehículos.

Mellora de paradas de autobús

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este conxunto de actuacións complétase coa mellora de 198 paradas de autobús de transporte público interurbano en estradas de titularidade autonómica, cun investimento estimado de preto de 6 M€.

Esta liña de acción recolle melloras do equipamento da propia parada, da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida ou do sistema de información e sinalización.

Tamén se optimizará a accesibilidade ao transporte público e se incrementará a seguridade, con perspectiva de xénero, mellorando a visibilidade ou a eliminación, entre outras medidas.

Infografía exemplo de mellora das paradas de autobús



Estación intermodal

A estas actuacións súmase a estación de autobuses intermodal de Vigo, que estará rematada no mes de maio e se porá á disposición dos cidadáns tan pronto o Concello de Vigo remate os accesos, tras un investimento autonómico de 18 millóns de euros.

A terminal e os accesos que executa da Xunta permitirán albergar 2 millóns de usuarios ao ano e 500 expedicións de autobús, sendo o principal nó de viaxeiros do sur de Galicia.

Fondos Next Generation

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego, ao abeiro dos fondos europeos Next Generation, está a traballar no obxectivo do fomento dunha mobilidade sustentable nas cidades galegas, a través de diversas liñas de actuación.

Neste sentido, a Xunta impulsa as estacións de autobuses intermodais de Lugo, da Coruña e de Ferrol, dando así continuidade ao desenvolvemento destas infraestruturas do transporte noutras cidades como Santiago e Ourense, onde xa están en servizo, e en Pontevedra e Vigo, próximas ao seu remate.

O Executivo autonómico tamén proxecta a mellora de paradas de autobús en estradas autonómicas co fin de facer máis competitiva a oferta dos servizos de transporte público colectivo nas contornas metropolitanas de Galicia.

Outra liña de acción correspóndese coa dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás vías de entrada ás cidades e conectados coa rede de servizos de transporte público, de tal forma que se minimize o acceso en vehículo privado.

A Xunta tamén proxecta sendas metropolitanas peonís e ciclistas na contorna das 7 grandes cidades galegas. Trátase de itinerarios na contorna das vías de entrada ás cidades, de conexión de equipamentos públicos de interese, como as estacións intermodais, os hospitais ou os centros administrativos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REMITIRÁ DE INMEDIATO AO CONCELLO DE VIGO O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONSTRUCIÓN DO NOVO IES DE NAVIA, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 12M€

- O Consello do Goberno galego dá conta do acordo que permitirá que o Instituto Galego da Vivenda e Solo ceda directamente os terreos para a construción do instituto á Consellería de Educación
- O Concello de Vigo deberá axilizar os trámites precisos para a urbanización do polígono 2 e a conceder a licenza de segregación da parcela
- Unha vez asinado o acordo, a Xunta licitará a redacción do proxecto de construción

O Consello da Xunta deu conta hoxe do convenio de colaboración para a construción do novo instituto de Navia, que se remitirá de inmediato ao Concello de Vigo. A través deste acordo posibilitarase a construción desta nova infraestrutura educativa, na que o Goberno galego investirá preto de 12M€, e que dá resposta ás demandas de escolarización dun dos barrios de maior crecemento da cidade de Vigo.

O convenio establece que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ceda directamente os terreos para a construción do instituto á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sen necesidade que sexan transferidos ao Goberno municipal, un instrumento urbanístico que aforra tempo e trámites. O Concello de Vigo, pola súa banda, deberá dar luz verde a esta cesión, así como comprometerse a axilizar os trámites precisos para a urbanización do polígono 2 (no que se atopa os terreos do IES) e a conceder a licenza de segregación da parcela.

Unha vez asinado o acordo entre as tres partes (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Concello de Vigo), o departamento educativo da Xunta licitará a redacción do proxecto de construción do instituto, para o que xa hai aprobada unha partida orzamentaria.

Trátase dun acordo decisivo para impulsar a construción deste novo centro, tras os retrasos provocados pola demora do Concello de Vigo en aprobar o Plan sectorial de San Paio de Navia. Froito deste retraso, de máis de catro anos, os terreos non foron propiedade do IGVS ata xaneiro de 2022.

Dotación do centro

O novo instituto terá capacidade para arredor duns 700 alumnos e contará con 16 aulas de ESO e catro de Bacharelato, así como aulas especializadas (música, tecnoloxía,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

plástica e debuxo), laboratorios, aulas multifuncionais (espazos *maker*), espazo foro, biblioteca, ximnasio, vestiarios e aseos.

Disporá, así mesmo, dunha área de Administración (despachos, arquivo, conserxaría e reprografía, departamentos didácticos...), de servizos comúns (cafetaría, almacén, vestíbulo e taquillas) e espazos exteriores (patio cuberto, pista polideportiva, espazos cubertos, aparcamento de bicicletas e estacionamentos).

O instituto terá unha superficie total de preto de 8.200m² construídos sobre unha parcela de 12.576 m² totais e estará deseñado seguindo as especificidades académicas, tecnolóxicas e de sustentabilidade recollidas no Plan de nova arquitectura pedagóxica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ NESTE ANO 5,7 MILLÓNS PARA REFORMAR ESPAZOS E DOTAR DE NOVO EQUIPAMENTO O HOSPITAL PÚBLICO ÁLVARO CUNQUEIRO

- O Executivo galego executará no hospital vigués obras por 2,6 millóns de euros que mellorarán a atención en áreas como a saúde mental, a cardioloxía, a anatomía patolóxica, a hospitalización a domicilio e as enfermidades raras
- Así mesmo, a Xunta de Galicia destinará, nos orzamentos deste ano, outros 3,1 millóns de euros para equipamento deste hospital da rede sanitaria pública galega, na nova sala de intervencionismo e endoscopia avanzada, e en equipar o novo Servizo de Cirurxía Maxilofacial
- O investimento en equipamentos dos hospitais de Vigo entre 2015 e 2023 será de máis de 28 millóns de euros

O Consello da Xunta vén de abordar un informe da Consellería de Sanidade sobre a contratación de obras e adquisición de equipamento, por un importe de 5,7 millóns de euros, para o Hospital Álvaro Cunqueiro, xa que o Executivo galego considera que, unha vez consolidado este hospital, é o momento de afrontar actuacións para reforzar a súa funcionalidade. Así, o Goberno galego desenvolverá, neste ano, os procesos para actuacións de reforma na infraestrutura e así proceder á habilitación de espazos para cinco unidades novas neste centro sanitario da rede pública galega, que suporán un investimento total de 2,6 millóns de euros e mellorarán a atención en áreas como a saúde mental, a cardioloxía, a hospitalización a domicilio, a anatomía patolóxica e tamén a atención ás enfermidades raras.

Ademais, os orzamentos da Xunta de 2022 recollen outra partida de 3,1 millóns, que se utilizará para a compra de equipamento destinado á nova sala de intervencionismo e endoscopia avanzada do Servizo de Dixestivo, coa posibilidade de realización de técnicas máis avanzadas; e para equipar o novo Servizo de Cirurxía Maxilofacial. Tamén adquiriranse aparataxe para outros servizos como unha torre de laparoscopia para o de Cirurxía Torácica e un equipo de urodinamia para o Servizo de Uroloxía.

Respecto do investimento nas cinco novas unidades, o informe recolle un orzamento de preto dun millón de euros para a de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-Xuvenil, da que xa está adxudicado o proxecto e da que está previsto licitar a obra en maio por preto dun millón de euros, potenciando así o desenvolvemento do Plan de saúde mental e dotando a Galicia dunha segunda unidade de hospitalización para pacientes agudos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

saúde mental infantís e xuvenís, que complementará á de Santiago e se converterá en referente para todo o sur da comunidade.

Para a novo espazo da unidade de enfermidades raras, a Xunta destina máis de 150.000 euros, estando xa adxudicado o proxecto e prevista a licitación da obra no mes de maio, e cumprindo así a Estratexia Galega de Enfermidades Raras. Esta unidade comezou a funcionar en febreiro deste ano.

O orzamento para a nova unidade de Necropsias será de preto de 300.000 euros, e a Xunta xa ten adxudicado o proxecto e licitará a obra tamén no mes de maio, o que permitirá que os profesionais de anatomía patolóxica poidan practicar en Vigo necropsias de nivel de protección 3.

No que atinxe a outra das novas unidades, en concreto, á de Rehabilitación Cardíaca, o Executivo galego destinará 530.000 euros. Xa está licitado o proxecto e a obra licitarase á volta do verán, co obxectivo de crear unha área que axude a mellorar a calidade de vida dos pacientes da área de Vigo, que se recuperan dun ingreso ou dunha intervención cardíaca, controlando os seus factores de risco, reducindo os reingresos e facilitando a súa reincorporación laboral.

Por último, a nova Unidade de Hospitalización a Domicilio contará cun orzamento de máis de 500.000 euros. Está pendente de licitarse o proxecto e a previsión é licitar a obra antes de rematar o ano.

Importantes investimentos nos hospitais de Vigo

Estes investimentos continúan a senda iniciada en 2009 de potenciar a capacidade hospitalaria desta área, evidenciada pola construción do Hospital Álvaro Cunqueiro. Ademais, desde a posta en marcha deste novo hospital en 2015, a Xunta de Galicia tamén investiu máis de 22 millóns de euros en obras de mellora no Hospital do Meixoeiro, en áreas como o laboratorio central, o de microbioloxía, na implantación da unidade de mama, na renovación das envolventes térmicas ou na climatización das plantas.

No referido á dotación de equipamentos tecnolóxicos, desde o ano 2015, o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo incorporou equipamento por valor de 9,7 millóns de euros, como unha central de esterilización, un quirófano híbrido, un TAC intraoperatorio, un equipo DaVinci de cirurxía robotizada, un microscopio electrónico ou tecnoloxía para electrofisioloxía, endoscopia, radiocirurxía ou ecografía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualmente, hai dous contratos en licitación, por valor de máis dun millón de euros, destinados aos hospitais de Vigo (15 lámpadas cirúrxicas e dous equipos de mamografía para o Meixoeiro así como mobiliario clínico para o Alvaro Cunqueiro). Así mesmo, está próximo a licitarse máis equipamento, por valor doutros 1,5 millóns de euros, para adquisición de ecógrafos, ecocardiógrafos, mesa de biopsia, sonda ganglio sentinela, monitores de constantes vitais, etc.

13 millóns para a mellora do diagnóstico por imaxe na área de Vigo

Finalmente, os orzamentos da Xunta de Galicia para este ano incorporan un total de 61,3 millóns de euros para renovar e ampliar o equipamento de diagnóstico por imaxe. Este investimento é resultado da proposta que presentou Galicia ao Plan INVEAT, un instrumento creado polo Ministerio de Sanidade para canalizar os fondos Next Generation cara á renovación e ampliación dos equipamentos de diagnóstico por imaxe no Sistema nacional de saúde. Galicia recibiu un 7,7% dos fondos para repartir neste plan.

No caso do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, esta medida suporá a renovación de cinco TAC, tres gammacámaras, dúas salas de hemodinámica, dúas resonancias magnéticas, un equipo de angiografía vascular e un PET. Estas renovacións suporán un investimento total de máis de 13 millóns de euros, dos cales os fondos Next Generation distribuídos polo Ministerio financian dez. Os tres millóns restantes corresponden a fondos autonómicos cos que a Xunta complementa a achega estatal para optar por equipamentos de máis alta gama, como un TAC espectral, unhas resonancias magnéticas máis avanzadas e un PET de altas prestacións.

En resumo, o total de investimentos en equipamento dos hospitais de Vigo entre o 2015 e o 2023 será de máis de 28 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COS ARMADORES OLÍVICOS NA REACTIVACIÓN DO VIGO SEAFEST E NA CELEBRACIÓN DA SÚA CONFERENCIA INTERNACIONAL

- Ambas as partes renovaron recentemente un convenio ao que o Executivo galego destina arredor de 136.000 euros e ao que leva achegados desde a primeira vez que se asinou no ano 2014, un total de 700.000 euros
- Este acordo foi analizado hoxe no Consello da Xunta e ten como fin a difusión e promoción do sector pesqueiro e dos produtos do mar coa organización de ambos eventos
- Con esta unión, o Executivo galego e ARVI promoven as estruturas de produción, distribución e comercialización dos produtos do mar, potenciando así a consolidación e busca de novos mercados

A Xunta colabora coa Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) na reactivación do VigoSeaFest, tras dous anos de suspensión debido á alerta sanitaria provocada pola covid-19, e na celebración da IX Conferencia Internacional ARVI sobre o futuro da pesca, dous eventos que terán lugar na cidade olívica no mes de xullo e que inclúen diversas accións de promoción para impulsar o sector, promover a súa competitividade e mellorar a comercialización dos produtos do mar.

Esta unión tradúcese nun acordo asinado recentemente por ambas as partes e que foi analizado hoxe no Consello da Xunta. A el a Consellería do Mar destina arredor de 136.000 euros, o que supón preto do 50% do conxunto total do convenio e ao que habería que engadir a parte privada. Con esta cantidade, o Executivo autonómico leva achegado a esta colaboración un total de 700.000 euros desde o 2014, ano no que se selou por primeira vez.

A Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo é unha institución que representa todos os segmentos da frota e que exerce a súa actividade en Galicia. É o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da Unión Europea. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras. Entre estas accións están a Conferencia Internacional ARVI sobre o futuro da pesca e o Vigo SeaFest.

Estas dúas citas están encamiñadas á promoción das estruturas de produción, distribución e comercialización dos produtos do mar, potenciando así a consolidación e busca de novos mercados. De feito, o convenio entre a Administración autonómica e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ARVI enmárcase no obxectivo da Consellería do Mar de potenciar e difundir os produtos pesqueiros galegos para intensificar o seu coñecemento e incrementar a competitividade do sector. Tamén se inclúe dentro dos fins dos armadores de Vigo de difundir o valor e a calidade dos produtos do mar e de buscar novos mercados.

Deste xeito, a unidade entre ambas partes contribúe a promocionar o potencial dos produtos marítimo-pesqueiros de Galicia, a impulsar a competitividade da cadea mar-industria e a aumentar o valor da pesca galega. Con estes obxectivos estará vixente ata finais de novembro de 2022.

A conferencia internacional e o Vigo SeaFest

Segundo establece o convenio, corresponde aos armadores de Vigo a organización e difusión de ambos eventos. No caso da IX conferencia internacional, que se celebrará o 6 e o 7 de xullo, ARVI encargárase de xestionar a participación dos conferenciantes e a Consellería do Mar colaborará nestes labores. Trátase dun encontro no que participarán os principais distribuidores de peixe e marisco de España e que busca atraer o resto de empresas da cadea de subministración para analizar os retos de futuro aos que se enfronta o sector marítimo-pesqueiro galego e español.

En canto ao IV Festival ARVI do peixe-Vigo SeaFest 2022, que terá lugar do 7 ao 10 de xullo, ARVI encargárase da organización das actividades e obradoiros gastronómicos que comprende este evento e da montaxe e xestión dos distintos postos e o Goberno galego apoiará estas tarefas. Esta cita naceu en 2017 para promocionar os produtos pesqueiros capturados polas tres frotas principais asociadas a ARVI -o arrastre, o cerco e o palangre- e reafirmar a Vigo como capital europea da pesca.

Para iso conxuga o protagonismo do sector marítimo-pesqueiro co lecer, a diversión e a gastronomía. Coa edición de 2022, os armadores de Vigo recuperan a celebración deste festival despois de dous anos de suspensión debido á alerta sanitaria provocada pola Covid-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

